

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL
DO DÍA 27 DE OUTUBRO DE 2023.**

Ás 10.00 horas do día 27 de outubro de 2023, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: don Luis Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

Don Rosendo Luis Fernández Fernández

Don Plácido Álvarez Dobaño

Don José Miguel Pérez Blecua

Don César Manuel Fernández Gil

Dona Ana Patricia Torres Madureira

Don José María Lago Cabo

Dona María Teresa Barge Bello

Dona Marta Novoa Iglesias

Don Jorge Pumar Tesouro

Don Manuel Seoane Rodríguez

Dona María del Carmen González Quintela

Deputados/as do Grupo Socialista:

Don Álvaro Vila Araújo

Don Diego Fernández Nogueira

Dona Marina Vaz Quintillán

Don Aurentino Alonso Araújo

Dona Susana Rodríguez Estévez

Dona Elvira Lama Fernández

Deputados do Grupo de Democracia Ourenseana:

Don Armando Ojea Bouzo

Don Gonzalo Pérez Jácome

Don Rafael Martínez Cachafeiro

Deputados/as do Grupo do BNG:

Don Bernardo Varela López

Dona María José Mangana Guede

Don Xosé Manuel Puga González.

Secretario: don Juan Marquina Fuentes

Interventora: dona Mónica Legaspi Díaz

Non asiste o deputado do Grupo Socialista don José Ignacio Gómez Pérez.

O deputado de Democracia Ourense, don Gonzalo Pérez Jácome, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto oitavo da orde do día e non regresou.

Antes de entrar na orde do día Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, di que querían deixar constancia en acta do sentimento corporativo polo pasamento de don Miguel Antonio Cid Álvarez (deputado do Partido Popular na pasada lexislatura).

O Sr. presidente di que tiñan pensado facer esa mención ao final do Pleno, pero de todos modos agradece a intención e ao final do Pleno farase ese recordatorio.

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal Vídeo Acta, no seguinte enlace: [ver vídeo acta](#)

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 29 DE SETEMBRO DE 2023.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á extraordinaria do día 29 de setembro de 2023.

Non se producen intervencións e, por maioría (abstención do Sr. Puga González por non estar presente na sesión anterior) o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial do día 29 de setembro de 2023, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE OURENSE.

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza reguladora do servizo do Boletín Oficial da Provincia de Ourense, co seguinte contido:

Artigo 1. Obxecto.

Constitúe o obxecto desta ordenanza a regulación do servizo do Boletín Oficial da Provincia de Ourense, no marco da lexislación básica do Estado, Lei 5/2002 de 4 de abril, reguladora dos boletíns oficiais das provincias e da lexislación complementaria que poida establecer a Comunidade Autónoma de Galicia, e regulándose nela o modo e forma de xestión do Boletín Oficial da Provincia de Ourense (en diante BOP), a súa edición e difusión, dotando de plena validez xurídica á súa edición electrónica, así como a relación interadministrativa entre este servizo e as entidades ou particulares que ordenen as publicacións dos seus anuncios.

Artigo 2. Competencia.

1. O Boletín Oficial da Provincia de Ourense constitúe un servizo público de competencia provincial, correspondéndolle a súa regulación, xestión, edición, distribución e venda á Deputación Provincial de Ourense.
2. A xestión do servizo poderá levarse a cabo mediante calquera dos sistemas previstos na lexislación vixente.

Artigo 3. Definición e contido do servizo.

1. O Boletín Oficial da Provincia de Ourense é o xornal oficial no que se publicarán as disposicións de carácter xeral e ordenanzas, así como os actos, edictos, acordos, notificacións, anuncios e demais resolucións das diferentes administracións públicas, da Administración de Xustiza e de particulares cando así se prevexa nunha disposición legal ou regulamentaria.

Sen prexuízo do anterior, os anuncios de particulares ou de administracións públicas cunha publicación que non teña carácter obrigatorio ou que non se prevexa na normativa vixente, poderán igualmente ser obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, nos termos recollidos nesta ordenanza, excluíndose, en todo caso, os anuncios de carácter comercial, propagandístico ou análogos.

2. O Boletín Oficial da Provincia editarase nas dúas seguintes modalidades:

- a) Edición electrónica, que se publicará na sede electrónica da Deputación de Ourense e que terá plena validez xurídica, garantindo a súa autenticidade de acordo coas disposicións normativas que regulen tanto o procedemento administrativo común das administracións públicas como o réxime xurídico do sector público. Respetaranse os principios de

accesibilidade e usabilidade de acordo coas normas establecidas, e empregará estándares abertos. O Boletín Oficial da Provincia dispón dun portal web que permite a realización de consultas, trámites e xestións que se regulan no presente regulamento, con plena validez xurídica.

b) Edición impresa en papel. A edición impresa en papel reducirase ao número de exemplares que se consideren necesarios para cubrir a demanda existente, tendéndose, en todo caso, á súa redución ao mínimo necesario. A tirada da edición impresa establecerase por resolución da Presidencia. En todo caso existirá unha edición impresa na sede provincial para a súa consulta polas persoas interesadas.

3. O Boletín Oficial da Provincia presentarase coa seguinte estrutura.

No encabezamento de cada número do BOP e de cada unha das súas páxinas figurará:

Denominación BOP Ourense

Escudo da Deputación Provincial de Ourense

Número do exemplar diario, que será correlativo dende o comezo de cada ano

Data de publicación

Número de páxina, que será correlativo dende o comezo de cada número do BOP

No pé de cada páxina figurará Boletín Oficial Provincia de Ourense, D.L. OU 1-1958 e Deputación Provincial de Ourense.

Cada páxina incluírá o código de verificación que permita contrastar a súa autenticidade.

A data de publicación das disposicións, actos e anuncios será a que figure no encabezamento e en cada unha das páxinas do exemplar diario no que se publiquen.

Cada número do BOP constará dun sumario das disposicións e actos incluídos neste Boletín, o antedito sumario será un breve resumo do contido do anuncio que en ningún caso fará referencia a nada que non estea contemplado ou identificado no corpo do texto.

Cada número do BOP será publicado de acordo coa seguinte estrutura:

Eleccións

I. Deputación Provincial de Ourense e organismos dependentes e adscritos.

II. Administración Xeral do Estado.

III Comunidade Autónoma.

IV. Entidades locais.

V. Tribunais e xulgados.

VI. Anuncios de particulares e outros.

Artigo 4. Periodicidade.

1. O Boletín Oficial da Provincia publicarase todos os días da semana, agás sábados, domingos e festivos (nacionais, autonómicos e locais da cidade de Ourense).
2. No suposto de que o boletín non se poida publicar por causa de incidencia técnica, ciberincidente ou outra causa de forza maior, a Deputación Provincial de Ourense fará pública esta situación coa maior brevidade posible a través dos medios de comunicación social e ademais o fará constar así no seguinte boletín que se publique, e poderase proceder á ampliación de prazos prevista nos artigos 32.4 e 32.5 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
3. No suposto de que nunha data determinada non houberse anuncios para ser publicados, a Deputación resérvase a facultade de acordar a non publicación do BOP nesa data, facendo pública a dita circunstancia.
4. En circunstancias de urxencia e acumulación de traballos, a Presidencia poderá ordenar a edición e publicación do BOP con carácter extraordinario, así como acordar excepcionalmente a publicación de informes, documentos ou comunicacións oficiais, cuxa difusión sexa considerada de interese xeral.

Artigo 5. Obrigatoriedade da publicación.

1. A Deputación Provincial está obrigada a publicar no boletín os seguintes anuncios:
 - Anuncios oficiais das administracións públicas e de xustiza, cando a súa publicación veña obrigada en virtude de disposición legal ou regulamentaria.
 - Anuncios oficiais remitidos polas administracións públicas e de xustiza distintos dos indicados no parágrafo anterior, sen prexuízo de que estas publicacións poidan estar suxeitas ao pago da taxa provincial correspondente, de conformidade co disposto no artigo 11 da Lei 5/2002.
 - Os anuncios de particulares nos que sexa obrigatoria a súa inserción de acordo coa lexislación vixente.
2. A publicación do resto de anuncios dos particulares supeditarase ás necesidades da xestión do servizo, admitíndose, en todo caso, a publicación de anuncios que se consideren de interese social, como os relativos a campañas benéficas, accións de carácter solidario ou outros análogos.
3. Non se admitirá en ningún caso a inserción no Boletín Oficial da Provincia de anuncios de carácter comercial, propagandístico, mercantil ou análogos.

Artigo 6. Protección de datos persoais.

Todos os datos persoais facilitados polas persoas usuarias do «Boletín Oficial» da Provincia de Ourense, incorporaranse ás correspondentes actividades de tratamento da Deputación Provincial de Ourense e serán tratados coa/s finalidade/s específica/s de cada tratamento, de conformidade coa regulación establecida no Regulamento xeral de protección de datos (Regulamento UE 2016/679 do Parlamento e do Consello) e na Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A lexitimación do tratamento baséase no cumprimento dunha obrigaón legal así como no exercicio de poderes públicos conferidos a este responsable, para levar a cabo as funcións previstas nesta ordenanza reguladora do servizo.

O prazo de conservación dos datos será o legalmente previsto.

As persoas interesadas poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisión individuais automatizadas, diante do responsable do tratamento, que é a Deputación Provincial de Ourense, ou ante o seu delegado de Protección de Datos, no correo electrónico dpd@depourense.es. En todo caso, as persoas interesadas poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Artigo 7. Réxime económico.

Conforme cos artigos 2 e 11 da Lei 5/2002, do 4 de abril, de boletíns oficiais das provincias, a publicación de todo tipo de texto estará suxeita á taxa, nos termos e contía que se establezan na ordenanza fiscal correspondente.

Artigo 8. Do procedemento de inserción de anuncios.

1. Os órganos correspondentes das distintas administracións públicas e da Administración de Xustiza estarán obrigados a acreditar ante a Deputación Provincial, segundo a súa normativa específica, ás autoridades e funcionarios/as facultados/as para ordenar a inserción, así como as modificacións que se produzan, sendo esas autoridades ou funcionarios os suxeitos responsables da autenticidade do contido dos textos remitidos para a súa publicación.

2. A unidade administrativa xestora do «Boletín Oficial» da provincia levará un rexistro das autoridades e funcionarios/as facultados/as para asinar a orde de inserción dos anuncios, sen que se curse ningunha que estea asinada por persoas distintas ás autorizadas para iso.

3. Cando se trate de anuncios tramitados a instancia de particulares, estes deberán acreditar de forma fidedigna a condición a través da cal actúan.

4. Para a publicación de calquera texto no «Boletín Oficial» da provincia de Ourense deberá presentarse necesariamente unha orde de inserción accedendo ao enlace seguinte: <https://bop.depourense.es> e cumprimentando o modelo normalizado de solicitude ou orde de inserción previsto no anexo I da presente Ordenanza.

En todo caso serán campos obrigatorios os seguintes:

- a) Nome e apelidos do que ordena a inserción e, se é o caso, o cargo que ostenta.
- b) Administración pública ou organismo da Administración de Xustiza do que procede, se é o caso, o anuncio que se ha de inserir.
- c) Denominación, nome ou razón social do suxeito que efectuará o pago da taxa, de ser o caso, así como o NIF e o domicilio, conforme co modelo establecido na correspondente ordenanza fiscal. A Deputación Provincial de Ourense, contemplará a modalidade de pago electrónico virtual. Este dato só se cumprimentará no caso de que quen efectúe o pago sexa distinto do que ordena a inserción. No caso de que non se consignen estes datos entenderase en todo caso que o suxeito pasivo da taxa é o órgano ou particular que ordena a inserción.
- d) Resumo conciso do contido do texto, que se publicará como sumario do anuncio no BOP.
- e) Norma e precepto concreto que prevé a publicación.
- f) Se se considera que o anuncio está exento de pago da correspondente taxa deberá indicarse expresamente esta circunstancia e o fundamento xurídico en que se basea.
- g) Carácter ordinario ou urxente da publicación.
- h) Acreditación do previo pagamento da taxa, no caso de devindicación.
- i) Acreditación do pagamento previo do prezo público de tradución (castelán/galego), no caso de que se solicite.

5. O solicitante da inserción é o responsable de que exista concordancia entre a orde de inserción e o anuncio correspondente. Os textos a inserir deben ser remitidos en todo caso en formato editable. As imaxes a inserir deben enviarse nun formato compatible con Adobe InDesign recomendando para os planos formato vectorial (Illustrator, EPS, PDF) e para as imaxes en mapa de bits unha resolución de 300 ppp. En caso de non cumprir estes requisitos a responsabilidade da calidade final dos planos e imaxes publicados será do solicitante da inserción do anuncio.

Os orixinais deberán presentarse preferentemente nas dúas linguas oficiais e no caso de presentarse nunha soa lingua estarán obrigados ao pagamento da taxa ou prezo público de tradución.

No caso de utilizar tradutores en calquera das dúas linguas, a súa revisión polo gabinete de galego considerárase como tradución e liquidarase a correspondente taxa ou prezo público, salvo orde expresa do que ordena a inserción de non revisión dos textos, caso no que será responsable único do contido do texto que se publique, así como dos efectos que poidan derivarse da súa publicación.

6. No suposto de non cumprimento dos requirimentos establecidos na presente ordenanza, de falta de datos, de redacción incoherente ou de formato inintelixible polos sistemas informáticos do «Boletín Oficial» da provincia de Ourense, non se cursará a publicación e comunicaráselle este feito ao anunciante.

Artigo 9. Publicación dos orixinais.

1. Os orixinais serán transcritos na mesma forma en que se atopen redactados e autorizados polo órgano ou persoa remitente, sen que por ningunha causa se poidan variar ou modificar os seus textos, unha vez tivesen entrada non Boletín Oficial, salvo que o remitente o autorice expresa e fidedignamente.

Non obstante o anterior, a autorización do remitente presumírase, salvo expresa manifestación en contrario, para a corrección, por parte dos servizos provinciais, dos erros ortográficos ou gramaticais existentes nos textos remitidos.

2. A publicación dos orixinais realizarase por orde cronolóxica de presentación, que só poderá alterarse no caso de publicacións declaradas urxentes polo órgano remitente da orde de inserción, ou cando así se esixa polo volume do texto para publicar, respectándose, en todo caso, os prazos máximos legalmente establecidos, que serán de quince (15) días hábiles para os anuncios ordinarios e seis (6) días hábiles para os urxentes, contados en ámbolos dous casos dende a data de entrada no rexistro electrónico do Boletín Oficial da Provincia da solicitude coa documentación e tramitación completa co pagamento previo.

Para a inserción dun anuncio urxente será obrigatorio a presentación dos textos nas dúas linguas oficiais (galego e castelán).

Se unha vez recibida a orde de inserción xunto co correspondente texto para publicar o ordenante da inserción pretende que non se publique, deberá remitir unha solicitude para a súa

anulación, identificando de forma clara o anuncio de que se trate e, no caso de que solicite a devolución da taxa, esta farase de conformidade co previsto na ordenanza fiscal.

Artigo 10. Lingua de publicación.

O BOP de Ourense publicarase en galego e en castelán.

Artigo 11. Consulta do boletín.

1. A Deputación Provincial garantizará o acceso universal e gratuíto á edición electrónica do «Boletín Oficial» da provincia de Ourense, sen que para iso sexa preciso a formalización de subscrición ningunha. Esta edición electrónica deberá estar accesible na web da Deputación Provincial na data que figure na cabeceira do exemplar diario, salvo que iso resulte imposible por circunstancias extraordinarias de carácter técnico. A Deputación Provincial de Ourense ofrecerá na súa páxina web un xestor que permita a procura, recuperación e impresión das disposicións, actos e anuncios, publicados no BOP. Así mesmo, conservarase un arquivo histórico e gratuíto destinado á cidadanía a efectos de mera consulta, efectos académicos e de investigación.

2. Para os efectos establecidos neste artigo, a Deputación Provincial de Ourense prestará os seguintes servizos:

a) Asistir aos cidadáns, de forma gratuíta, na procura das disposicións, actos e anuncios publicados neste Boletín.

b) Facilitarlles aos cidadáns a consulta do «Boletín Oficial» da provincia en soporte dixital.

c) Facilitar o contido das disposicións, actos e anuncios publicados no «Boletín Oficial» da provincia en soporte papel nos casos de persoas de especial vulnerabilidade ou discapacidade ou que non estean obrigadas a relacionarse electronicamente coa administración, procedendo o pagamento da taxa correspondente prevista na ordenanza fiscal.

3. Así mesmo, a Deputación Provincial poderá habilitar puntos de información de acceso universal e gratuíto para os efectos de que poida efectuarse a consulta electrónica do «Boletín Oficial» da provincia, mediante a instalación dos correspondentes terminais informáticos. Esta consulta incluírá a posibilidade de realizar procuras.

Disposición adicional primeira.

Habílitate á Presidencia para que adopte as medidas organizativas necesarias que permitan o desenvolvemento das previsións da presente Ordenanza e para que poida modificar os aspectos técnicos que sexan convenientes por motivos de normalización, interoperabilidade ou, en xeral, adaptación ao desenvolvemento tecnolóxico do servizo.

Disposición adicional segunda.

Para todo o non previsto na presente ordenanza, estarase ao que dispón a Lei 5/2002, do 4 de abril, reguladora dos boletíns oficiais das provincias, e o resto de normas legais ou regulamentarias que resulten de aplicación.

Disposición final.

Coa entrada en vigor da presente Ordenanza, que se producirá unha vez aprobada definitivamente polo pleno provincial, publicada no BOP e na sede electrónica, e transcorridos os prazos previstos no artigo 65.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, queda derogada a regulación provincial anterior (BOP núm. 205 de data 05.09.2008).

2º.- Someter o presente expediente e o acordo de aprobación inicial ao trámite de información pública, por un prazo de trinta (30) días hábiles, mediante a inserción de anuncios no BOP de Ourense e na sede electrónica da Deputación, de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 7/1985. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán formular as reclamacións que consideren oportunas, as cales deberán ser resoltas polo pleno da Corporación Provincial, a través de acordo de aprobación definitiva. No caso de que non se formulasen reclamacións en prazo, o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, sen necesidade de acordo plenario expreso.

3º.- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES SUPLENTES DOS GRUPOS POLÍTICOS NO INORDE.-

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

1ª intervención de Xosé Manuel Puga, do BNG, toma a palabra para facer constar que no último Consello Reitor do INORDE o seu grupo reclamou a presenza dunha asociación como é a AJE (Asociación de Jóvenes Empresarios), facendo constar que a persoa que o seu grupo designan como suplente neste organismo, dona Fátima Nieves, representa tamén a esta entidade que representa a máis de cento cincuenta empresarios mozos e mozas da nosa provincia.

1ª intervención de Rosendo Fernández Fernández, do Grupo Popular, fai uso da palabra para lembrar, como se explicou no Consello Reitor do INORDE, que AJE é unha das asociacións que integran a CEO, a cal ten xa un representante nese Consello Reitor do INORDE.

2ª intervención de Xosé Manuel Puga, do BNG, manifesta que sen ánimo de polemizar sobre esta cuestión, existen outros colectivos asociados á CEO que teñen representante propio no consello Reitor do INORDE, entendendo que o que vale para uns debe valer para os outros.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Designar aos membros suplentes en representación dos grupos políticos no INORDE, quedando a dita representación do seguinte xeito:

En representación do Grupo Socialista:

Titular: dona Susana Rodríguez Estévez

Suplente: don Álvaro Vila Araújo

En presentación do BNG:

Titular: don Xosé Manuel Puga González

Suplente: dona Fátima Nieves Fernández

En representación de Democracia Ourensana:

Titular: don Rafael Martínez Cachafeiro

Suplente: Armando Ojea Bouzo

En representación do Grupo Popular:

Titular: don Aurelio Gómez Villar

Suplente: dona Marta Nóvoa Iglesias

4º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DA COMPETENCIA DE RECADACIÓN EN EXECUTIVA DE DIVERSOS TRIBUTOS E INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO DO CONCELLO DE CALVOS DE RANDÍN.

O Sr. presidente anuncia que este punto e o seguinte debateranse conxuntamente.

A continuación o Sr. secretario expón o contido dos ditames favorables da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aceptar a delegación de competencias efectuada polo Concello de Calvos de Randín a favor da Deputación Provincial, mediante acordo plenario de data 27 de febreiro de 2023, para recadación executiva, así como a revisión dos actos ditados dos seguintes tributos e demais ingresos de dereito público:

- Imposto de bens inmobles (urbana e rústica).
- Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.
- Imposto sobre actividades económicas.
- Taxa de lixo.
- A recadación dos gastos derivados de execucións forzosas, ao abeiro do establecido nos artigos 99 e 100 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 106.3 da Lei 7/85 de bases de réxime local.
- Multas coercitivas.

En todo caso serán de aplicación as seguintes condicións xerais:

- a) O contido da delegación abranguerá o exercicio de todas as facultades necesarias para a realización da recadación en vía executiva, ditando todos os actos administrativos necesarios para a xestión dos ditos procedementos, incluída a emisión da providencia de constrinximento e resolución dos recursos administrativos contra os actos de recadación executiva.
- b) Para o exercicio da competencia delegada o concello debería remitir as oportunas certificacións de descuberto do tributo ou ingreso de dereito público ao que se refire.
- c) A taxa para satisfacer polo concello pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o 100% da recarga de constrinximento que debe pagar o debedor tributario conforme co establecido no artigo 6, apartado b) da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense. A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade correspondente á taxa liquidada, sen prexuízo da notificación da dita liquidación na forma prevista no artigo 9 da Ordenanza fiscal.

- d) A presente delegación estará vixente a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia durante un prazo de catro anos, prorrogándose tacitamente por períodos de 4 anos se ningunha das partes mostra expresamente a súa vontade en contra, comunicándollo á outra cunha antelación non inferior a 6 meses á data sinalada ou á de calquera dos períodos de prórroga.

5º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EJERCICIO DA COMPETENCIA DE RECADACIÓN EN EXECUTIVA DE DIVERSOS TRIBUTOS E INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO DO CONCELLO DE SANDIÁS.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte o acordo:

Aceptar a delegación de competencias efectuada polo Concello de Sandiás a favor da Deputación Provincial, mediante acordo plenario de data 25 de setembro de 2023, para recadación executiva, así como a revisión dos actos ditados dos seguintes tributos e demais ingresos de dereito público:

- Gastos e multas derivados de execucións forzosas dos artigos 99 e 100 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Imposto sobre construción instalación e obras (I.C.I.O.).
- Sancións impostas.
- Taxa de auga e taxa de saneamento.

En todo caso serán de aplicación as seguintes condicións xerais:

- a) O contido da delegación abranguerá o exercicio de todas as facultades necesarias para a realización da recadación en vía executiva, ditando todos os actos administrativos necesarios para a xestión dos ditos procedementos, incluída a emisión da providencia de constrinximento e resolución dos recursos administrativos contra os actos de recadación executiva.
- b) Para o exercicio da competencia delegada o concello debería remitir as oportunas certificacións de descuberto do tributo ou ingreso de dereito público ao que se refire.
- c) A taxa para satisfacer polo concello pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o 100% da recarga de constrinximento que debe pagar o debedor tributario conforme co establecido no artigo 6, apartado b) da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e

recadación da Deputación Provincial de Ourense. A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade correspondente á taxa liquidada, sen prexuízo da notificación da dita liquidación na forma prevista no artigo 9 da Ordenanza fiscal.

- d) A presente delegación estará vixente a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia durante un prazo de catro anos, prorrogándose tacitamente por períodos de 4 anos se ningunha das partes mostra expresamente a súa vontade en contra, comunicándollo á outra cunha antelación non inferior a 6 meses á data sinalada ou á de calquera dos períodos de prórroga.

6º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA N.º 2/2023 DO INORDE MEDIANTE SUPLEMENTOS DE CRÉDITO E DAS BASES DE EXECUCIÓN

A Sra. interventora expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

1ª intervención de Xosé Manuel Puga, do BNG, intervén para facer constar que o seu grupo se vai abster neste punto fundamentalmente porque por filosofía, o seu grupo está en contra das asignacións nominativas, aínda que neste caso se trata de cantidades pequenas, entenden que son preferibles sistemas de concesión que garantan a concorrencia de todos os interesados.

1ª intervención de Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, manifesta que o seu grupo está igualmente en contra deste tipo de concesións de carácter nominativo e de xeito aleatorio, e que prefiren que se arbitren mecanismos que garantan a concorrencia, con criterios xustos e equitativos, de todos os concellos da nosa provincia, e agardan que este organismo se inclúa na propia Deputación Provincial.

1ª intervención de Rosendo Fernández Fernández, do Grupo Popular, toma a palabra para sinalar que lle sorprende o razoamento dos grupos socialista e do BNG. A continuación pasa a explicar brevemente o obxecto das catro subvencións nominativas previstas nesta modificación, entendendo que todas están perfectamente motivadas e xustificadas.

1ª intervención de Armando Ojea Bouzo, de DO, intervén para preguntarlle ao Grupo Socialista a razón pola que entenden que este organismo autónomo provincial, que é o INORDE, debe integrarse na propia Deputación, e porqué no Concello de Ourense o mesmo

PS de G-PSOE está en contra da integración do organismo autónomo Consello Municipal de Deportes no propio concello, preguntando a razón desta contradición.

2ª intervención de Xosé Manuel Puga, do BNG, manifesta que queda claro que o único grupo coherente é o BNG, que mantén a mesma postura no Concello e na Deputación. Sobre as nominativas insiste en que o BNG sempre se manifestou en contra, pero á marxe diso, entende que é indecente que os alcaldes ou alcaldesas tivesen que pasar a “mendigar” polo despacho do anterior presidente desta Deputación.

2ª intervención de Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, toma a palabra que neste pleno intervén o grupo provincial socialista e en referencia ao INORDE, e que o grupo municipal socialista ten o seu propio criterio e autonomía na corporación municipal.

2ª intervención de Rosendo Fernández Fernández, do Grupo Popular, puntualiza que os alcaldes e alcaldesas do BNG non rexeitan as subvencións nominativas, polo que entende que é preciso aclarar este tema.

Intervén o Sr. presidente para aclarar que se trata dun tema concreto. Engade que todos os grupos en principio están a favor dun reparto xusto e equitativo, pero non só aquí, senón tamén noutras instancias e administracións, e que esta modificación só pretende atender a situacións concretas que non puideron tramitarse doutro xeito por diversas circunstancias.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#)

No se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12) e de DO (3) e a abstención do Grupo Socialista (6) e do BNG (3), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación de créditos que figura no expediente n.º 2023/14553K do INORDE, co seguinte detalle:

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO

PARTIDA	EXPRESIÓN	IMPORTE €
42211/226.22	TREVINCA VALDEORRAS	5.000,00 €
42211/226.23	CELANOVA TERRAS DO XURÉS	10.000,00 €
42211/462.01	SUBVENCÍONS NOMINATIVAS CONCELLOS	9.150,00 €
SUMA	SUPLEMENTOS DE CRÉDITO	24.150,00 €

RECURSOS UTILIZADOS

Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais	24.150,00 €
---	-------------

2º.- Aprobar a modificación da base 5ª baseándose na especificación da dotación orzamentaria e beneficiario das subvencións nominativas segundo o cadro seguinte:

Beneficiario	Finalidade	Importe €
Concello de Parada do Sil	Desenvolvemento do PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA EN PARADA DO SIL 2023	7.000,00 €
Concello de Castro Caldelas	XXVI FEIRA-CONCURSO COMARCAL DE GANDO VACÚN DE RAZAS AUTÓCTONAS. ANO 2023	8.000,00 €
Concello da Veiga	Evento CRIANZA TREVINCA III EXPOSICIÓN AGROGANDEIRA DE TREVINCA. ANO 2023	15.000,00 €
Concello do Carballiño	FESTA DO PULPO 2023	9.500,00 €
TOTAL		39.500,00 €

3º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tralo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

7º.- EXPEDIENTE N° 6/2023 DE MODIFICACIÓN DOS CRÉDITOS ORZAMENTARIOS MEDIANTE A CONCESIÓN DE SUPLEMENTOS DE CRÉDITO E SOBRE A MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2023.

O Sr. presidente anuncia que hai unha emenda relativa ao Concello de Allariz.

A continuación a Sra. interventora expón o contido da emenda e do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

1ª intervención de Armando Ojea Bouzo, de DO, intervén para sinalar que se trata dunha modificación de crédito na que todos os concellos levan algo, e máis e todos na contorna dos

corenta e pico mil euros, e lle chama a atención que os que pasan significativamente desta cifra, son o concello de Taboadela, o de Ramirás e o de Allariz. O seu grupo vai votar a favor desta proposta entendendo que se produce un cambio cualitativo a como se desenvolvían as modificacións de crédito nos mandatos anteriores.

1ª intervención de Bernado Varela López, do BNG, comeza a súa intervención indicando que os alcaldes e alcaldesas do BNG son do BNG, pero non son parvos, e que se se lles concede unha subvención nominativa, eles van aceptala porque están para defender os intereses da veciñanza, sen que isto signifique que están a favor deste sistema como ordinario para conceder as subvencións. Entrando xa na modificación orzamentaria que se debate, e como xa sinalou na comisión orzamentaria, esta non é a modificación de crédito que faría o grupo do BNG, pero en todo caso é un avance, e máis, se temos en conta a situación o martes, na que se deixaba fóra a once concellos, curiosamente todos eles con goberno socialista ou nacionalista, e se mudou a situación o mércores dando entrada a todos os concellos da provincia. Engade que seguramente no vindeiro plano este cambio se debería ver confirmado co novo Plan provincial ou Plan Único ou como se lle denomine, agardando que sexa un cambio positivo para a nosa provincia, xa que o sistema que empregaba ata agora esta Deputación, e tamén outras administracións, non é o óptimo, por chamarlle así. Do que estamos a falar é dunha modificación dun importe de máis de dez millóns de euros, unha cantidade moi importante, e temos que ver a razón de que cheguemos ao final de ano cun remanente tan importante. Engade que entende perfectamente a cancelación do préstamo, que é unha carga financeira prescindible. Pide que se lle explique o incremento ou suplemento da partida destinada a “Estudos e traballos técnicos” da Área de Medio Ambiente así como da destinada a “Asistencia Médico-Farmacéutica”. Do resto da modificación orzamentaria exposta insiste en que o plan de cooperación ou similar se tramite tamén para entidades e asociacións, sen prexuízo de que poidan existir accións concretas que requiran de subvencións nominativas. Sobre os cambios de obxecto en subvencións xa orzadas indica que o seu grupo non se opón aos ditos cambios, xa que defenden a autonomía de cada concello para decidir sobre os fondos asignados. Polo demais entende que globalmente analizada esta modificación é un paso cara adiante e que neste camiño si van atopar ao BNG, e que se debe avanzar cara un Plan con criterios equitativos, xustos e que permita a cada concello coñecer a súa participación cada principio de ano e poder xestionar de xeito máis eficiente os recursos municipais.

1ª intervención de Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, intervén para sinalar, con carácter previo, que visto o razoamento do voceiro do DO, o día que se traía a este pleno a integración do INORDE da Deputación, o grupo provincial de DO a apoiará. Entrando xa no asunto da orde do día, e como avanzaron na comisión informativa, a memoria xustificativa da modificación orzamentaria sinala que o remanente se obtén por unha “eficiente xestión económica”, entendendo que debe tratarse dun erro, porque isto non é así, se a xestión fose eficiente non existiría un remanente tan elevado e do cal a metade se destina a gastos da propia Deputación. Engade que esta modificación se fixo con mellores formas que as anteriores que se facían nesta Deputación, e sobre a referencia que se fixo ao concello de Taboadela sinala que se trata dunha achega que ven dun convenio de 2022, e que se incluíu naquel momento coa condición de que este concello non recibise máis subvencións nos anos 2022 e 2023. A continuación piden que se volva dotar no orzamento a partida destinada ao aparcadoiro para os camións en San Cibrao das Viñas, se recolla no vindeiro exercicio por ser unha instalación moi necesaria. Por outro lado indica que o anterior grupo de goberno tratou de vender sempre a existencia da “débeda cero” cando non era así, e parece que con esta cancelación do derradeiro préstamo por fin se consegue. Engade que o grupo socialista por primeira vez non vai votar en contra dunha modificación orzamentaria deste tipo, e que se van abster como voto de confianza ao cambio que parece que propón o actual grupo de goberno.

1ª intervención de Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, comeza indicando que por parte do goberno provincial e particularmente do presidente se fixo un gran esforzo para que esta modificación alcanzase a todos os concellos da nosa provincia e que finalmente se conseguiu, polo que todos debemos estar moi satisfeitos. Engade que se respectan os compromisos adquiridos anteriormente e se cumpre coas obrigas desta Deputación amortizando a débeda existente. Sinala que o orzamento é e debe ser un orzamento vivo e que require modificacións ao longo do exercicio orzamentario, polo que as modificacións orzamentarias teñen precisamente esta función. Respéctase a autonomía de todos os concellos en canto ao obxecto das subvencións. Engade que senón é polo voto do PP e de DO, esta modificación non sairía adiante, xa que BNG e PS de G-PSOE se van abster. Remata insistindo no esforzo feito para encaixar a todos os concellos e a satisfacción por telo conseguido finalmente.

2ª intervención de Armando Ojea Bouzo, de DO, indica nesta quenda que o seu grupo confía na boa fe do grupo de goberno, por exemplo cunha partida prevista para “repostos e diversos

materiais” por importe de 70.000,00 €, e non lle dan máis voltas, e lle chama a atención que nunha partida equiparable, no concello, o propio grupo municipal do PP e outros piden que se detalle e se desagregue ao detalle. Remata indicando que o seu grupo votará a favor, que se entende que se trata de atender as necesidades manifestadas polos diferentes alcaldes e alcaldesas e que se atende a todos os concellos da provincia.

2ª intervención de Bernado Varela López, do BNG, manifesta nesta quenda que a abstención do BNG e do grupo socialista aclara bastante a cuestión e que se trata dun paso adiante pero tamén é certo que van seguir sendo críticos cando entenden que así procede. Entende que o esforzo realizado non era unha dádiva, senón unha necesidade, e era moi necesario incluír a todos os concellos da provincia como finalmente se fixo. É certo que polo menos neste caso non asistimos ao que asistíamos noutras modificacións anteriores, cun reparto inxusto e arbitrario, ao que o BNG sempre se opuxo e votou en contra. Remata indicando que as posturas semellan claras e que así se manifesta no sentido do voto de cada grupo.

2ª intervención de Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, sinala que a autonomía de cada concello é real cando xestiona os seus propios recursos porque coñece a principios de ano a cantidade de fondos que vai percibir da Deputación Provincial. Engade que o grupo de goberno debe valorar, na súa xusta medida, a abstención do grupo socialista e do grupo do BNG insistindo en que temos todos un mes para traballar de cara ao novo Plan de cooperación cos concellos.

2ª intervención de Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, sinala que claro que se valora a abstención do Grupo Socialista e do BNG, pero matiza que senón votan afirmativamente PP e DO a modificación non saíría adiante. Insiste no total respecto desta modificación coas peticións formuladas polos diferentes concellos, e agradece finalmente o esforzo dos técnicos provinciais para poder dotar as partidas con destino a todos os concellos da provincia.

Intervén o Sr. presidente para agradecer en primeiro lugar o constante diálogo e predisposición de todos os grupos, así como especialmente o voto favorable do grupo de DO e a abstención dos grupos do BNG e do PS de G-PSOE. Engade que este debe ser o camiño, e que este consenso ogallá se dese tamén noutros organismos e noutros estamentos, e que este tipo de modificacións orzamentarias ao final de ano son normais na xestión pública, e que esta se fixo principalmente con dous eixos, en primeiro lugar, respectar os compromisos escritos existentes, e en segundo lugar respectando as solicitudes de cada alcalde ou alcaldesa sobre o destino das achegas.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación, en primeiro lugar, a emenda relativa ao Concello de Allariz, que é aprobada por unanimidade.

A continuación sométese a votación o ditame emendado e co voto favorable do Grupo Popular (12) e de DO (3) e a abstención do Grupo Socialista (6) e do BNG (3), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente n.º 6/2023 de modificación de créditos orzamentarios, de concesión de suplementos de crédito e de modificación das bases de execución do orzamento xeral da entidade para o exercicio 2023, co seguinte contido:

1.a. Concesión de suplementos de crédito por importe de 9.231.688,64 €, financiados co remanente de tesourería para gastos xerais (RTGX), con relación ás aplicacións orzamentarias seguintes:

Aplicación orzamentaria	Concepto	Importe
01111/31001	Xuros préstamos a l/p. Outras entidades financeiras	90.000,00 €
01111/31100	Gastos formalización, modificación e cancelación. Outras entidades financeiras	50.000,00 €
01111/91301	Refinanciamento préstamo BCL. 2004/BBVA. Outras entidades financeiras	2.808.801,58 €
16111/22706	Estudos e traballos técnicos. Servizo de Augas e Medio ambiente	418.621,84 €
16112/22706	Estudos e traballos técnicos. EDAR San Cibrao	165.135,49 €
16611/65002	Plano proxectos. Planos provinciais	2.000,00 €
31331/62702	Plano Ourense Provincia Termal. Termalismo	48.000,00 €
33418/62300	Maquin. inst. e ferramentas. Centro Cultural Marcos Valcárcel	45.000,00 €
33419/63200	Edifícios e outras construcións. Teatro Principal	55.512,46 €
33420/22609	Actividades culturais. Actividades culturais	20.000,00 €
43301/22706	Estudos e traballos técnicos. Desenvolvemento empresarial	77.996,60 €
43301/62300	Maquin. inst. e ferramentas. Desenvolvemento empresarial	26.486,80 €
43301/62500	Mobiliario e pertenzas. Desenvolvemento empresarial	14.036,00 €

45012/46200	Cooperación Provincial. Concellos	514.763,30 €
45012/48900	Outras transferencias. Cooperación Provincial	204.859,00 €
45012/61902	Reparación vías municipais. Cooperación Provincial	5.000,00 €
45012/76201	A Concellos. Subvencións. Cooperación Provincial	4.147.597,23 €
45012/78901	Outras transferencias. Cooperación Provincial	112.915,96 €
45311/22706	Estudos e traballos técnicos. Vías e Obras	58.080,63 €
45311/61901	Plano coop. Vías Provinciais. Vías Provinciais	108.281,75 €
45313/22111	Sum. repostos maquinaria. Parque de Fornecementos	70.000,00 €
91211/22706	Estudos e traballos técnicos. Corporación Provincial	20.000,00 €
92001/16008	Asistencia médico farmacéutica. Secretaría Xeral	168.600,00 €
TOTAL		9.231.688,64 €

1.b. Concesión de suplementos de crédito por importe de 1.000.000,00 €, financiados mediante baixa por anulación de créditos, segundo o detalle seguinte:

Suplementos de crédito

Aplicación orzamentaria	Concepto	Importe
34111/75000	A Xunta de Galicia. Promoción e fomento do deporte	500.000,00 €
45012/76201	A Concellos. Subvencións. Cooperación Provincial	500.000,00 €
TOTAL		1.000.000,00 €

Baixa por anulación de créditos

Aplicación orzamentaria	Concepto	Importe
23112/20700	Prestación servizos. Acción social - Teleasistencia	1.000.000,00 €
TOTAL		1.000.000,00 €

1.c. Modificación do Anexo IV das bases de execución do Orzamento Xeral da entidade, coa finalidade de concretar os capítulos IV e VII de gastos que se ven modificados por mor do presente expediente de modificación orzamentaria segundo o detalle seguinte:

Con cargo á aplicación orzamentaria 45012/46200 “Cooperación Provincial. Concellos”:

BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE
Concello de Arnoia	Proxecto Arnoia Challenge 2023-Campionato de	17.000,00 €

	España Sprint Copa España Páddel Surf	
Concello de Arnoia	Gastos de mantemento Campo Atlético Arnoia	10.000,00 €
Concello de Bande	Redacción de proxectos varios	15.000,00 €
Concello de Bande	Redacción do proxecto construtivo acceso ao novo equipamento termal de Bande	17.700,00 €
Concello de Carballeda de Valdeorras	Campamento de Verán 2023	10.000,00 €
Concello de Carballeda de Valdeorras	Servicios Sociais Fisioterapia 2023	11.500,00 €
Concello de Cartelle	Torneo III Internacional de fútbol sala feminino de Cartelle	5.890,00 €
Concello de Cortegada	Programa cultural-deportivo	40.000,00 €
Concello de Cortegada	Elaboración do inventario municipal	11.047,30 €
Concello de Lobios	II Seminario Internacional de Educación Social e II Convivencia interuniversitariae profesional Serra do Xurés	6.400,00 €
Mancomunidade de Santa Águeda	Gastos de funcionamento	48.000,00 €
Mancomunidade de Ourense	Gastos de funcionamento	50.000,00 €
Mancomunidade de Verín	Gastos de funcionamento	50.000,00 €
Mancomunidade do Carballiño	Gastos de funcionamento	50.000,00 €
Mancomunidade de Terras de Celanova	Gastos de funcionamento	50.000,00 €
Concello de Ourense	Carreira de San Martiño	3.000,00 €
Concello de Paderne de Allariz	Redacción de proxectos municipais	48.000,00 €
Concello de Parada do Sil	Aluguer de aparcadoiro	5.226,00 €
Concello de Piñor de Cea	Rally Mix	14.000,00 €
Concello de Piñor de Cea	Programa municipal medioambiental	40.000,00 €
Concello de San Amaro	Festival Céltico	6.000,00 €
Concello de Vilar de Barrio	44ª edición da Festa da Pataca	6.000,00 €

TOTAL

514.763,30 €

Con cargo á aplicación orzamentaria 45012/48900 “Outras transferencias. Cooperación Provincial”:

BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE
Asociación Cultural Memoria Antiga	Feira internacional de Antigüidades en Expourense	2.000,00 €
Asociación Provincial de Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil de Ourense	Xuntanza anual	15.000,00 €
Asociación Provincial de Autoescolas	FP Dual	30.000,00 €
Confederación Empresarial de Ourense	Gala de empresas ourensás	8.000,00 €
Club Hockey Albor	Gastos de funcionamento	5.000,00 €
Clube Ciclista Taboadela	Organización da III BTT de Taboadela (Roteiros de San Xoán)	1.500,00 €
Cruz Vermella	Encontro Galego de Voluntariado de Cruz vermella	4.000,00 €
Escena Sonora Producción Cultural SL	Xoldra de Aguiar	7.500,00 €
Escena Sonora Producción Cultural SL	Rock entre pedra e poesía	7.500,00 €
Escola Rural de Saúde da Limia	Gastos de funcionamento	15.000,00 €
Escudería Barbadás	Gastos de organización Rallymix de Barbadás	6.000,00 €
Expourense	Salón do vehículo clásico	12.000,00 €
Expourense	Xornada de Enerxías	3.000,00 €
Federación Gallega de Baloncesto	Xuntanza preminibasket	5.500,00 €
GROWING IN VALUES SL	Proxecto Nena e deporte	9.559,00 €
Juan Pablo Rivas Pires	Programa Espírito Ribeiro	15.000,00 €
Ourensticks Hockey club	Gastos de funcionamento	1.300,00 €
Pabellón FC	Gastos de funcionamento	33.000,00 €
Special Olympics Galicia	Promoción persoas con discapacidade	5.000,00 €
Triente SL	Campionatos Náuticos de España e Portugal	15.000,00 €
GRUPO CUEVAS NOGUEIRA TRAIL	VII Trail Ribeira Sacra 2023	4.000,00 €

TOTAL

204.859,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria 45012/76201 “A Concellos. Subvencións. Cooperación Provincial”:

Beneficiario	Obxecto	Importe
Concello da Bola	Reposición de firmes e reparación de fosas sépticas	48.000,00 €
Concello da Merca	Firme de acceso a Cobas do Río	48.000,00 €
Concello da Peroxa	Mantemento e mellora de vías públicas municipais	48.000,00 €
Concello da Pobra de Trives	Construción de pista de pádel	48.000,00 €
Concello da Rúa de Valdeorras	Mellora do sistema de tratamento de auga potable no depósito de Santo Estevo na Rúa	48.000,00 €
Concello da Veiga	Reparación e mellora de fosas sépticas	48.000,00 €
Concello de Allariz	Mellora arranxo cuberta piscina municipal climatizada	48.070,03 €
Concello de Allariz	Adquisición maquinaria sala máquinas ximnasio piscina	11.929,97 €
Concello de Amoeiro	Acondicionamento de camiños municipais en Quintás, Villavistosa e Rouzós	50.000,00 €
Concello de Arnoia	Reparación pasarelas da praia fluvial do Inquiau danadas polas riadas	25.000,00 €
Concello de Avión	Mellora das redes de saneamento e pluviais no núcleo rural de San Vicenzo	49.960,80 €
Concello de Baltar	Melloras na rede de abastecemento no Concello de Baltar	48.000,00 €
Concello de Bande	Aportación actuacións subvencionadas pola Xunta de Galicia	17.900,00 €
Concello de Bande	Reparación iluminación	15.000,00 €
Concello de Baños de Molgas	Anteproxecto optimización enerxética de instalacións de iluminación pública	40.000,00 €
Concello de Barbadás	Rexeneración do firme na rúa estrada de Piñor (finca Fierro)	22.000,00 €
Concello de Barbadás	Mellora do axardinamento baixo viaduto	14.339,31 €
Concello de Barbadás	Acondicionamento parque infantil dos Patos	13.588,30 €

Concello de Beade	Mellora da rede de saneamento de Beade	48.133,21 €
Concello de Beariz	Cofinanciamento do velorio municipal	60.000,00 €
Concello de Boborás	Urbanización e rego automático da parcela da piscina	48.000,00 €
Concello de Carballada de Valdeorras	Traballos medioambientais 2023	32.000,00 €
Concello do Carballiño	Melloras infraestruturas viarias en Madarnas	48.000,00 €
Concello de Cartelle	Regos asfálticos en Pumares, Cartelle e Travesía Outumuro - A Seara	47.967,52 €
Concello de Castrelo de Miño	Proxecto de mantemento de viarios municipais en Castrelo de Miño	48.000,00 €
Concello de Celanova	Ampliación e creación de sector na rede de abastecemento municipal do Concello de Celanova	48.000,00 €
Concello de Cenlle	Continuación da mellora do acceso ao Outeiro en Rioboo	48.000,00 €
Concello de Chandrexa de Queixa	Arranxo estrada de Fitoiro a Drados e rúa Lamas	48.000,00 €
Concello de Coles	Mellora da eficiencia enerxética do campo de fútbol de Albán	30.000,00 €
Concello de Cualedro	Redución do consumo na iluminación pública de Carzoá	23.484,93 €
Concello de Cualedro	Redes de iluminación pública na Xironda e San Millao	14.389,78 €
Concello de Entrimo	Urbanización entorno de vivendas públicas municipais Terrachán Entrimo	30.000,00 €
Concello de Esgos	Renovación de instalación de iluminación pública	35.500,00 €
Concello de Esgos	Cofinanciamento instalación de pista deportiva de pádel descuberta no núcleo de Esgos	12.603,53 €
Concello de Gomesende	Beirarrúas Gomesende	47.952,88 €
Concello de Irixo	Camiño acceso a Ribela	30.000,00 €
Concello de Larouco	Cofinanciamento de proxectos realizados no 2023	54.971,06 €
Concello de Laza	Abastecemento e saneamento na rúa das súas chousas en Laza	48.000,00 €
Concello de Leiro	Pavimentación e humanización tramo final rúa Casa Nova	48.000,00 €
Concello de Lobeira	Iluminación pública destinado á mellora do aforro e eficiencia enerxética de Facós e Vilariño de Santa	48.395,01 €

	Cristina	
Concello de Lobios	Creación de novo viario e itinerario peonil no entorno do pavillón municipal e casa do maior	48.399,91 €
Concello de Maceda	Melloras de viarios municipais	48.000,00 €
Mancomunidade Conso - Frietas	Adecuación de instalacións de iluminación pública ao RD 842/2002	45.445,57 €
Mancomunidade de Ourense	Traballos medioambientais 2023	10.000,00 €
Mancomunidade IV Concellos do Ribeiro	Pavimentación da zona de transferencias e punto limpo da Mancomunidade	50.000,00 €
Concello de Manzaneda	Obras de mantemento na rede de abastecemento en Reigada	47.916,00 €
Concello de Maside	Reforma da cuberta e acondicionamento de fachadas do edificio da Casa da Cultura de Maside	48.000,00 €
Concello de Montederramo	Mellora de núcleos municipais	50.000,00 €
Concello de Monterrei	Mellora de pavimento na aldea modela de Infesta	29.789,50 €
Concello de Monterrei	Aforro eficiencia enerxética	15.207,83 €
Concello de Monterrei	Gastos de mellora eléctrica, enerxética en instalacións e dependencias municipais e mobiliario urbano	20.000,00 €
Concello de Muíños	Mellora acceso Reparade a Cados (estrada de Lobios - OU 1.201). Terminación	48.000,00 €
Concello de Muíños	Reparación danos ocasionados tormentas setembro 2023	5.000,00 €
Concello de Nogueira de Ramuín	Parque Infantil de Loureiro	18.147,85 €
Concello de Nogueira de Ramuín	Execución de peche frontal perimetral da vivenda do conserxe do CEIP de Luíntra	14.000,00 €
Concello de Nogueira de Ramuín	Mellora fosa séptica Vilouxe	17.000,00 €
Concello do Barco de Valdeorras	Substitución cuberta norte do pavillón Polideportivo de Calabagueiros	48.000,00 €
Concello do Bolo	Reconstrución da ponte da Barxa sobre o río Xares no termo municipal do Bolo	7.865,00 €
Concello do Bolo	Acondicionamento de camiños en Lg Vilaseco e outros	40.135,00 €

Concello do Pereiro de Aguiar	Mellora rede viaria municipal	40.000,00 €
Concello do Pereiro de Aguiar	Actuacións para eficiencia enerxética e loita contra o cambio climático	20.000,00 €
Concello de Oímbra	Humanización Rabal	48.000,00 €
Concello dos Blancos	Humanización de espazos públicos Os Blancos	48.197,60 €
Concello de Padrenda	Reconstrución de muros e mellora de acceso en San Pedro	48.000,00 €
Concello de Parada do Sil	Obra de beirarrúas na localidade de Sacradebois	24.000,00 €
Concello de Parada do Sil	Adquisición de vivendas sociais en Caxide	18.500,00 €
Concello de Petín	Paseo prolongación Malecón	48.000,00 €
Concello de Pontedeva	Cofinanciamento de actuacións	60.000,00 €
Concello de Porqueira	Cofinanciamento de varios proxectos	50.000,00 €
Concello de Punxín	Humanización e mellora da área termal do Baniño	39.671,84 €
Concello de Quintela de Leirado	Humanización entorno multiusos e concello de San Pedro de Leirado	48.000,00 €
Concello de Rairiz de Veiga	Mellora do viario de Candás a Fontefría	48.000,00 €
Concello de Rairiz de Veiga	Mellora de firme en accesos a Barracel e Quilmelas	48.000,00 €
Concello de Ramirás	Substitución da cuberta do centro de día proxectado en antiga escola Freás de Eiras	138.000,00 €
Concello de Ribadavia	Reforma da pista central do centro deportivo municipal O Consello	111.436,34 €
Concello de Riós	Cofinanciamentos e subvencións concedidas 2023	90.000,00 €
Concello de Rubiá	Pavimentación en Biobra	48.000,00 €
Concello de San Amaro	Melloras na iluminación publica San Cibrao de Las	48.000,00 €
Concello de San Cibrao das Viñas	Mapa de riscos para Polígonos San Cibrao, Barreiros e Pereiro de Aguiar	16.030,00 €
Concello de San Cibrao das Viñas	Sistema de instalación de LAVELA en Parque de Urbanización de Gonoba	30.855,00 €
Concello de San Cristovo de Cea	Obras de mellora do Polígono Industrial	60.000,00 €

Concello de San Xoan de Río	Reparación depósitos, abastecemento varios núcleos	30.000,00 €
Concello de San Xoan de Río	Limpeza e roza de camiños rurais	15.000,00 €
Concello de Sandiás	Pavimentación accesos ao núcleo de Cardeita	50.000,00 €
Concello de Sarreaus	Acondicionamento camiños Sarreaus	48.000,00 €
Concello de Taboadela	Convenio asinado en febreiro de 2022. Resto aportación 2023	125.000,00 €
Concello de Toén	Renovación de pavimento no núcleo de San Pedro de Moreiras e fermoseo de rotonda no Concello de Toén	48.000,00 €
Concello de Trasmiras	Pista multideportiva	47.371,50 €
Concello de Trasmiras	Parque biosaudable	6.498,97 €
Concello de Verín	Acceso Polígono de Pazos, fase 3. Pavimento de aglomerado asfáltico en quente	48.000,00 €
Concello de Viana do Bolo	Acondicionamento e mellora Casa da Cultura de Viana do Bolo	46.590,29 €
Concello de Vilamarín	Aportación cofinanciamento I.D.A.E.	48.000,00 €
Concello de Vilamartín de Valdeorras	Mellora da rúa Central de Mazo	48.000,00 €
Concello de Vilaríño de Conso	Acondicionamento da rúa San Martiño	48.000,00 €
Concello de Xinzo da Limia	Arranxo pista da Armada	100.000,00 €
Concello de Xunqueira de Ambía	Cofinanciamento do acondicionamento da Canella Jorge Alberto Ferreiro e da Praza da Eiriña	59.000,00 €
Concello de Xunqueira de Espadañedo	Mellora do abastecemento en Xunqueira e Pardeconde	42.823,05 €
Concello da Gudiña	Cuberta pista de pádel	40.000,00 €
Concello da Mezquita	Mellora eficiencia enerxética edificio multiusos, iluminación e fachadas	40.000,00 €
Concello da Teixeira	Proxecto de reconstrución de Muros en Xirás	40.000,00 €
Concello de Calvos de Randín	Mellora das beirarrúas na poboación de Calvos de Randín	40.000,00 €
Concello de Carballeda de Avia	Cofinanciamento das obras no edificio do pavillón da Abelenda	40.000,00 €

Concello de Castrelo do Val	Pavimentación en rúa A Ponte en Nocelo do Val	40.000,00 €
Concello de Castro Caldelas	Mellora do firme nos núcleos de Sas de Penelas	40.000,00 €
Concello de Melón	Mellora da capa de rodadura nos núcleos de Barcia e Idia	40.000,00 €
Concello de Verea	Reforma iluminación do termo municipal	40.000,00 €
Concello de Vilar de Santos	Mellora e acondicionamento de viarios municipais no Concello de Vilar de Santos	39.990,00 €
Concello de Vilardevós	Abastecemento e saneamento en Albarello da Cota	40.000,00 €
Concello de Vilar de Barrio	Cofinanciamento de proxectos: parque infantil en Arnuide, camiños municipais, reforma do pavillón polideportivo e mini escavadora	34.000,00 €
TOTAL		4.569.057,58 €

Con cargo á aplicación orzamentaria 45012/78901 “Outras transferencias. Cooperación Provincial”:

ENTIDADE	OBXECTO	IMPORTE
Liceo Recreo Orensano	Obras de mellora das instalacións	107.033,97 €
Padres Mercenarios de Verín	Melloras na Igrexa da Merced de Verín	5.881,99 €
TOTAL		112.915,96 €

1.d. Modificación de obxectos e ou/beneficiarios de distintas subvencións previstas no Orzamento Xeral da entidade, segundo o detalle seguinte:

- i. Con cargo á aplicación orzamentaria 45012/76201 “A Concellos. Subvencións Cooperación provincial” do orzamento do exercicio 2023, prevese unha **subvención nominativa a favor do Concello de Porqueira, co obxecto “Pozas Filgueira e San Mamede”**, por importe de 48.000,00 €.

De acordo coa solicitude formulada pola alcaldesa en data 20.09.2023, acórdase o cambio da finalidade da subvención para os seguintes obxectos:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Porqueira	Cofinanciamento impactos paisaxísticos	11.787,55 €

	Cofinanciamento Fondo de Compensación	23.478,16 €
	Cofinanciamento Plan Marco 2023 do Plan Marco 2023-2024	6.206,19 €
	Cofinanciamento Rede Natura 2023 do Rede N	1.942,70 €
	Cofinanciamento servizo de limpeza e roza	4.585,40 €
Aplicación orzamentaria 45012/76201		

- ii. Con cargo á aplicación orzamentaria 45012/78901 “Outras transferencias. Cooperación provincial” do orzamento do exercicio 2023, prevese unha **subvención nominativa a favor da Asociación de Empresarios de San Cibrao, co obxecto “Peche parque camións e equipamentos”**, por importe de 110.000,00 €.

En relación coa subvención referida, acórdase o cambio da finalidade para os seguintes obxectos, así como do beneficiario desta:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de San Cibrao das Viñas	Mellora do Parque infantil no núcleo de Reboredo	48.000,00 €
	Pavimentación da Praza Ramón María Blanco en Soutopenedo	37.500,00 €
	Mellora de viarios en Rante e cuña de ensanche no Madrigal	24.500,00 €
Aplicación orzamentaria 45012/76201		

- iii. Con cargo á aplicación orzamentaria 45012/76201 “A Concellos. Subvencións Cooperación Provincial” do Orzamento do exercicio 2023, prevese unha **subvención nominativa a favor do Concello de Pontedeva, co obxecto “Segunda fase edificio multifuncional parque empresarial”**, por importe de 60.000,00 €.

De acordo coa solicitude formulada polo alcalde en data 28.09.2023 acórdase o cambio da finalidade da subvención para o seguinte obxecto:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Pontedeva	Obras consistentes en división de nave en diferentes locais	60.000,00 €
Aplicación orzamentaria 45012/76201		

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín

Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

8º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS DO SERVIZO INTERMUNICIPAL DELEGADO DE RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E DOS PUNTOS LIMPOS DA PROVINCIA DE OURENSE

O Sr. secretario expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

1ª intervención de Armando Ojea Bouzo, de DO, fai uso da palabra para explicar que esta modificación das taxas é moi necesaria, tal e como viña advertindo a dirección da Área de Medio Ambiente da Deputación. Remata indicando que o seu grupo votará a favor da aprobación inicial desta modificación.

1ª intervención de María Mangana Guede, do BNG, explica que o seu grupo tamén vai votar a favor desta proposta. Explica que aínda que a suba de taxas sempre é algo incómodo para os veciños e veciñas, é necesaria. Engade que este servizo, ao que se adhíren moitos concellos da provincia, debe ser sempre de xestión pública.

1ª intervención de Diego Fernández Nogueira, do Grupo Socialista, adianta igualmente o voto favorable do seu grupo a esta proposta, indicando que se trata dun servizo moi importante e do que debemos seguir mantendo a súa sustentabilidade. Insiste en que a xestión deste servizo provincial debe seguir a ser pública e se inste á Deputación a profundar nas políticas de redución de residuos, e no fomento da compostaxe como alternativa, agardando que ao longo deste mandato poidamos adaptar a xestión provincial deste servizo a toda a normativa recente neste eido.

1ª intervención de José María Lago Cabo, do Grupo Popular, indica que se trata dunha taxa cun custo moi baixo e que a actualización proposta é moi necesaria. Engade que se está a aberto a todo tipo de propostas que melloren a xestión deste importante servizo provincial.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación dos anexos I e II da vixente da Ordenanza fiscal reguladora das taxas do servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e dos puntos limpos da provincia de Ourense, quedando do seguinte xeito:

Anexo I

TARIFAS XERAIS DE VIVENDAS	
EPÍGRAFES	TARIFA
<i>Vivendas</i>	
Vivendas RURAIS (1-3 veces/semana)	60,84 €
Vivendas URBANAS (4-6 veces/semana)	76,05 €

TARIFAS DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS	
EPÍGRAFES	TARIFA
Hoteis, hostais, pensións, casas de hospedes, por cada 5 habitacións ou fracción	60,84 €
Cámpings, por cada tres parcelas de tenda o roulotte (carabana ou autocarabana), ou bungaló	60,84 €
<i>Restaurantes e similares</i>	
Restaurantes ata 100 m2	182,52 €
Restaurantes de 100- 350 m2	304,20 €
Restaurantes de mais de 350 m2	608,39 €
<i>Bares, cafeterías e similares</i>	
Bares, cafeterías e similares	182,52 €
Peñas culturais, asociacións e entidades sen ánimo de lucro	60,84 €
Salas de festas, discotecas, pubs, bingos, e bares con música	
Salas de festas e/ou celebracións e discotecas	608,39 €
Pubs e bares con música e similares	304,20 €
Bingos	182,52 €
<i>Negocios de alimentación</i>	
Tendas e autoservizos de alimentación de 0 a 100 m2	182,52 €
Supermercados e aautoservizos de alimentación de 100 a 350 m2	425,88 €
Hipermercados e autoservizos de alimentación de más de 350 m2	912,61 €
Carnicerías e pescaderías	182,52 €
Fruterías	243,35 €
Confeiterías, panaderías (fornos e despachos de pan)	182,52 €
<i>Outros Negocios de</i>	
Venda ó por menor e detalle de productos non perecedeiros de 0-100 m2	182,52 €
Venda ó por menor e detalle de productos non perecedeiros de 100-350 m2	365,04 €
Venda ó por menor e detalle de productos non perecedeiros de máis de 350 m2	608,39 €
Almacéns, depósitos e venda ó por maior de 0-200 m2	182,52 €
Almacéns, depósitos e venda ó por maior de 200-450 m2	365,04 €
Almacenes, depósitos e venta al por maior de más de 450 m2	608,39 €

TARIFAS DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS		TARIFA
EPÍGRAFES		
<i>Servizos</i>		
Ambulatorios e centros de atención médica, sen camas de hospitalización		486,72 €
Centros de atención médica, con camas de hospitalización, por cada cinco camas ou fracción		121,68 €
Centros de atención psiquiátrica con talleres e instalacións de actividades complementarias		5.171,39 €
Centros penitenciarios, por cada interno		91,26 €
Cemiterios e Igrexas e templos con cemiterios		91,26 €
Cines e teatros		121,68 €
Bancos e caixas de aforros		304,20 €
Academias privadas		182,52 €
Centros docentes sen servizo de comedor		304,20 €
Centros docentes con servizo de comedor		608,39 €
Centros docentes con servizo de comedor e internado (por cada dúas prazas ou fracción)		60,84 €
Residencias de anciáns e xeriátricos (por cada dúas prazas ou fracción)		91,26 €
Centros de día, de ata 500 m2 totais		243,35 €
Centros de día de 500 ou máis m2		425,88 €
Instalacións deportivas (excluído o servizo de bar ou cafeterías)		182,52 €
<i>Oficinas, despachos e servizos profesionais</i>		
En locais de 0-100 m2		60,84 €
En locais de 100-200 m2		182,52 €
En locais de 200-300 m2		304,20 €
En locais de máis de 350 m2		425,88 €
<i>Estacions de servizo</i>		
Gasolineira sen tenda comercial		182,52 €
Gasolineira con tenda comercial		243,35 €
Garaxes públicos (sen lavado e engraxe), por cada 25 prazas ou fracción		60,84 €
Talleres mecánicos e chapisterías ata 100 m2		182,52 €
Talleres mecánicos e chapisterías de 100-200 m2		304,20 €
Talleres mecánicos e chapisterías de mais de 200 m2		425,88 €

TARIFAS ESPECIAIS		TARIFA
EPÍGRAFES		
<i>Pequenos núcleos rurais</i>		
Tascas e pequenos negocios de venda ó por menor en núcleos de menos de 200 habitantes		60,84 €
<i>producción de lixo que excede a relación de equivalencia, ou sitas en solo urbano industrial:</i>		
Sen materia orgánica	1er contenedor (800 l)	243,35 €
	2ª contenedor e sucesivos, por cada un de menos de 800 l	121,68 €
	2ª contenedor e sucesivos, por cada un de 800 l	182,52 €
	2ª contenedor sucesivos, por cada un de máis de 800 l	304,20 €
Con materia orgánica	1er contenedor (800 l)	608,39 €
	2ª contenedor e sucesivos, por cada un de menos de 800 l	304,20 €
	2ª contenedor e sucesivos, por cada un de 800 l	486,72 €
	2ª contenedor sucesivos, por cada un de máis de 800 l	608,39 €

Anexo II

<u>Entregas en Puntos Limpos (para non abonados)</u>	
EPÍGRAFES	TARIFA
Ud. de colchóns	6,56 €
Kg de Voluminosos	0,241 €
Kg de RAEES sen clasificar non reciclables	0,241 €

2º.- De conformidade co disposto no artigo 17 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o presente acordo a información pública por prazo de trinta días hábiles, mediante anuncio inserido na sede electrónica da Deputación, no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios dos de maior difusión da provincia, para a presentación de reclamacións e suxestións, que, de ser o caso, deberán ser resoltas polo Pleno. No caso de non presentarse reclamacións ou suxestións en prazo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial. Unha vez aprobada definitivamente a modificación da ordenanza, procederase á publicación do texto íntegro resultante da dita modificación no Boletín Oficial da Provincia, para a súa entrada en vigor.

9º.- ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO PÚBLICO SUPRAMUNICIPAL DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS INDUSTRIAIS NON PERIGOSOS E ESPECIAIS.-

O Sr. presidente anuncia que este punto se debaterá conxuntamente co punto seguinte.

A continuación o Sr. secretario expón o contido dos ditames favorables da Comisión Informativa de Turismo, Termalismo e Medio Ambiente.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

1ª intervención de Armando Ojea Bouzo, de DO, toma a palabra para sinalar que van apoiar esta proposta do grupo de goberno, e que están a favor destas dúas propostas de redacción das novas ordenanzas reguladoras deste servizo provincial.

1ª intervención de María Mangana Guede, do BNG, intervén para indicar que o sentido do seu grupo vai ser o da abstención, por varias razóns. Primeiro porque entenden que hai un par de cuestións da ordenanza que non teñen moi claro, como é que criterio ou criterios se teñen en conta para designar zonas prioritarias e zonas non prioritarias, preguntando se o ámbito territorial do servizo abrangue a toda a provincia de Ourense. Outra cuestión que lle xera

moitas dúbidas é o custo do servizo que se propón, e que prevé unha tarifa de 1,32 €/km para a zona prioritaria e de 1,58 €/Km para a zona non prioritaria, xa que o seu grupo entende que a tarifa debe ser idéntica para todas as zonas. Ademais entenden que hai certas tipoloxías de residuos que teñen unha tarifa difícil de xustificar como son os da recollida de aluminio, pinturas e vernices, aceites minerais non clorados, baterías ou acumuladores, polo que piden aclaración sobre a fixación destas.

1ª intervención de Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, nesta primeira quenda sinala que estamos ante unha iniciativa punteira a nivel nacional e non existen apenas ordenanzas de entes provinciais que se encarguen de xestionar este tipo de servizos. Dito isto, indica que esta iniciativa é de agradecer, que se trata dunha recollida de residuos controlada e que sempre vai beneficiar ao noso medio ambiente, aínda que estas ordenanzas suscitan certas dúbidas para o grupo socialista. A lei 7/2022, de residuos e solos contaminados, establece as obrigas do produtor de residuos inicial e dentro delas está a de realizar o tratamento de residuos por si mesmo, se é capaz, segundo, encargar o tratamento a un negociante rexistrado ou xestor autorizado, e terceiro, entregar os residuos a unha entidade de recollida de residuos. Desde a entrada en vigor desta lei, a responsabilidade do produtor rematará cando quede documentado o tratamento completo, e dicir, a trazabilidade completa. A isto hai que engadirlle as restricións coas que se atopan os produtores de residuos cando a entrega de residuos se ten que facer noutra comunidade autónoma, xa que por exemplo en Valdeorras están entregando en centros de valorización de Castela e León, o que implica aplicar outra normativa. Engade que a primeira dúbida da regulación proposta para o seu grupo é a relativa ao seu ámbito territorial, xa como se dixo se fala de zona prioritaria (Polígono de San Cibrao das Viñas, Parque Empresarial do Pereiro de Aguiar e a zona comercial Barreiros) e outra zona non prioritaria, que é a que se sitúa noutras zonas do municipio de San Cibrao das Viñas ou aquelas próximas á zona industrial de Seixalbo (no municipio de Ourense), incluso na bisbarra da cidade de Ourense. Na provincia de Ourense hai numerosos parques e áreas industriais, polo que pregunta se na denominada zona non prioritaria se encadran tamén as restantes empresas, zonas industriais e polígonos industriais da provincia non incluídos na zona prioritaria, e se se lles recollerían os seus residuos e os poderán entregar neste Centro Verde. A ambigüidade do texto non o aclara, e as respostas dadas polo grupo de goberno na comisión informativa tampouco. Outra das cuestións é a relativa ás tarifas previstas de 1,32 €/km para a zona prioritaria e de 1,58 €/Km para a zona

non prioritaria, polo que pregunta a razón desa diferenza de prezo na tarifa. Neste sentido expón como SOGAMA non establece tarifa distinta en función da distancia. Engade que o establecemento dunha tarifa idéntica para toda a provincia é unha decisión política, e que debe adoptar este pleno. Non se acalara tampouco o réxime xurídico deste servizo, é dicir, se vai ser obxecto de xestión directa ou indirecta por esta Deputación, aínda que as referencias parecen falar de xestión indirecta. Respecto as tarifas previstas na ordenanza indica que moitas non se adaptan á situación actual do mercado, como poden ser os metais, especialmente o aluminio, a chatarra, o cobre, e outros. Outro aspecto non aclarado é a tipoloxía e volume de empresas que poden ser usuarias dos servizos deste centro verde, así como se existe algún límite de cantidade de residuos a entregar por empresa. Ante todo o indicado, lembra que sería moi sinxelo habilitar nos puntos limpos da provincia que xestiona a Deputación lugares para a entrega deste tipo de residuos e facilitar o labor das empresas e instalacións interesadas.

1ª intervención de Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, fai uso da palabra para comezar dando respostas a diferentes cuestións formuladas durante o debate, sen prexuízo de que indica que as cuestións máis técnicas poden ser informadas polos servizos técnicos da Área de Medio Ambiente da Deputación. Sinala que este Centro Verde é unha medida pioneira entre as deputacións provinciais do estado, e lembra que ao redor do concello de Ourense, nas áreas industriais de San Cibrao das Viñas, O Pereiro de Aguiar e Barreiros hai máis de 750 empresas instaladas, e non as 350 que dixo o voceiro socialista. A continuación sinala que ela na comisión informativa afirmou que os residuos na medida do posible non deben circular polas estradas da provincia, e que o exemplo indicado polo voceiro socialista de SOGAMA non é aplicable, xa que antes do seu traslado os residuos pasan polas plantas de transferencia. O Centro Verde vai a dar cabida a todas as empresas da nosa provincia, e vanse aceptar residuos das empresas de toda a provincia, ben mediante entrega ou ben mediante o servizo de “porta a porta”, entendendo que o prezo do quilómetro se incrementa canto maior sexa a distancia ao dito Centro, todo elo por economía de escala. Sobre os prezos e tarifas previstos, aclara que na ordenanza se establecen como máximos, sen prexuízo de que hai moitos prezos, especialmente os metais, que teñen moitas fluctuacións. Existen dúas posibilidades de xestión deste servizo, directa ou indirecta, e as dúas son formas de xestión pública. Insiste en que as políticas das administracións deben tratar que os residuos viaxen o menos posible. Estamos

ante unha proposta innovadora e que na medida do posible se estenderá a outros puntos da nosa provincia.

2ª intervención de Armando Ojea Bouzo, de DO, indica que é moi difícil facer unha ordenanza perfecta e insiste en que o seu grupo é partidario e que o ideal sería que os residuos non circulen polas estradas da provincia e que o tratamento se realice en orixe. Engade que hai moito que traballar e que mellorar nesta problemática de xestión de residuos e reciclaxe, e que todo o ambiental debe ser resolto a nivel global e mundial. Sobre a proposta que se somete a debate e votación neste pleno, e sen prexuízo de posibles melloras no futuro, o seu grupo vai apoiar o texto proposto e a aprobación inicial de ámbalas dúas ordenanzas.

2ª intervención de María Mangana Guede, do BNG, nesta segunda quenda insiste en que a aprobación das ordenanzas é unha mellora, pero que a súa redacción é mellorable en aspectos concretos como so que se mencionaron neste debate. Insiste en que están en contra das tarifas por quilometraxe que penalizan ás empresas que están a maior distancia do Centro Verde. A mesma empresa polo mesmo residuo, veña da zona da provincia que veña, debe pagar o mesmo. Neste sentido propoñen deixar a proposta de ordenanza sobre a mesa, que se retire da orde do día, e que se traia a un próximo pleno unha vez estudadas e emendadas as deficiencias que foron expostas neste debate.

2ª intervención de Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, nesta quenda manifesta que algunhas das súas cuestións xa foron aclaradas, pero tamén entende que non é xusto o sistema de tarifas por quilómetro proposta e que se están a poñer trabas ás empresas que non están na zona prioritaria. Insiste en que se debería prever unha taxa única para toda a provincia, e que de non ser así, o grupo socialista vai votar en contra de ámbalas dúas propostas. Pide que se estude a posibilidade de que se empreguen os puntos limpos que xestiona a Deputación Provincial para a entrega deste tipo de residuos. Por último manifesta o seu apoio á proposta do BNG de deixar esta proposta enriba da mesa para mellorar a redacción destas ordenanzas e proceder á súa aprobación posterior.

2ª intervención de Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, insiste en que estas propostas son de aprobación inicial de ámbalas dúas ordenanzas e que aínda queda o trámite de información pública para reclamacións e suxestións. Sobre as tarifas propostas sinala que no relativo á quilometraxe se busca unha xestión eficiente e de aí a diferenza de tarifas en función da

proximidade ao Centro Verde. Sobre a circulación de residuos polas estradas da provincia insiste en que esta debe limitarse na medida do posible, e que debemos tratar de atender á demanda das empresas, especialmente as pequenas e medianas, que teñen xestores propios. Sobre a proposta de empregar os puntos limpos, entende que a normativa vixente non debe permitir a entrega deste tipo de residuos. Remata indicando que estamos diante dunha aprobación inicial que pode aínda mellorarse no trámite de información pública, polo que lles pide aos grupos socialista e do BNG que reconsideren a postura do seu voto.

Intervén o Sr. presidente para sinalar que se trata de resolver unha problemática real e de atender á demanda de parte do tecido empresarial da nosa provincia. Trátase de algo pioneiro que debemos por en valor, xa que o Centro Verde leva anos construído, e remata indicando que o grupo de goberno está aberto a posibles melloras no texto das ordenanzas propostas.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12) e de DO (2), o voto en contra do Grupo Socialista (6) e a abstención do BNG (3), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora do servizo público supramunicipal de recollida e tratamento de residuos industriais non perigosos e especiais, co seguinte contido:

Título preliminar: Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto, fundamento e ámbito territorial

1. Constitúe o obxecto da presente ordenanza a regulación do servizo público supramunicipal de recollida e tratamento de residuos industriais non perigosos e especiais.

2. Este servizo público é de titularidade provincial cuxa ordenación e xestión correspóndelle á Deputación Provincial de Ourense por competencia propia adquirida no pleno do 30 de maio de 2014 e trala cesión do centro verde propiedade do concello de San Cibrao das Viñas, a esta administración o 27 de novembro de 2014.

3. O servizo público supramunicipal de recollida e tratamento de residuos industriais non perigosos e especiais da Deputación Provincial de Ourense, comprende a:

- a) Recepción no centro verde de residuos de orixe industrial de tipo non perigoso e especial, producidos dentro do ámbito territorial desta ordenanza.
 - b) Recollida e recepción “*porta a porta*”, por persoal autorizado do servizo, nas industrias e empresas dos produtores de residuos de orixe industrial de tipo non perigoso ou especial, producidos dentro do ámbito territorial desta ordenanza.
4. O servizo de recepción no centro verde, préstase mediante a explotación da dita instalación, localizado no Polígono de San Cibrao, vía 4, coordenadas UTM (Fuso T29) (DATUM ETRS89) X= 597.333,63 m e Y= 4.682.200,02 m.
5. O servizo de recollida e recepción “*porta a porta*”, nas industrias ou empresas dos produtores, prestarase mediante un vehículo ou persoal autorizado.
6. O ámbito territorial de aplicación desta ordenanza é para os residuos industriais non perigosos e especiais, de industrias ou actividades localizadas na provincia de Ourense, incluíndo dúas áreas principais, a primeira, denominada “**zona prioritaria**” abarcando o Polígono Industrial de San Cibrao, o Parque Empresarial do Pereiro de Aguiar e a Zona Comercial Barreiros e a segunda, nomeada “**zona non prioritaria**” para todas aquelas zonas territoriais que estean fora da antedita, como son as que se sitúan noutras zonas do municipio de San Cibrao das Viñas ou aquelas próximas á zona industrial de Seixalbo (no municipio de Ourense), incluso na bisbarra da cidade de Ourense.
7. Os residuos industriais non perigosos e especiais permitidos neste centro verde, recóllense no Anexo I desta ordenanza.

Título I

Das prestacións do servizo

Artigo 2. Da prestación da recepción dos residuos industriais non perigosos e especiais admisibles no centro verde

1. A recepción dos residuos será a solicitude da persoa interesada e terán condición de usuarias deste servizo todas as persoas físicas, xurídicas ou outras entidades que directa ou indirectamente entreguen residuos (catalogados como aceptables) nestas instalacións (centro verde), é dicir, calquera produtor ou posuidor de residuos industriais non perigosos e especiais que, directamente ou indirectamente, fagan entrega deles nas instalacións.

2. No momento de realizar a entrega dos residuos no centro verde, a persoa cedente deberá proporcionar a seguinte información, e no seu caso presentar a seguinte documentación:

- Razón social da empresa que entrega o residuo
- Matrícula do transporte no caso de realizarse entrega no centro verde
- Persoa propietaria e teléfono de contacto
- Tipo (código LER) e volume de residuos
- Autorización ambiental que corresponda segundo a normativa que lle sexa de aplicación en cada caso

3. A recepción dos residuos quedará regulada baixo a aplicación de prestacións patrimoniais non tributarias para cada tipoloxía dos residuos aceptados neste centro verde, recollidos no Anexo I desta ordenanza.

4. Considérase “residuo recepcionado” cando se cumpran todos os trámites esixidos nesta ordenanza reguladora, así como, cando estes sexan aceptados polo xestor do centro verde e consecuentemente, téñase liquidado a prestación patrimonial de carácter público non tributaria correspondente.

5. Así, a descarga ou abandono de calquera tipo de residuos, dentro ou fora da planta, sen os anteditos trámites de aceptación serán considerados como “residuos abandonados” e rexeranse segundo o disposto no artigo 108 de infraccións, da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.

6. En ningún caso, se recepcionarán residuos que non poidan ser clasificados/identificados dentro dalgunha das tipoloxías recollidas no Anexo I desta ordenanza, ou ben polo seu estado de conservación, pola invisibilidade do embalaxe, pola mestura con algún residuo non permitido ou prohibido, ou por calquera outro motivo.

7. A presenza de residuos perigosos, que se detecten no momento da recepción, suporán a non aceptación nin a entrada na planta. No caso de que non se detecten e aparezan mesturados posteriormente á recepción, serán almacenados nun contedor pechado con este

destino para a entrega ao xestor autorizado, procedendo a tramitar pola administración o correspondente expediente sancionador, do que se poida derivar a aplicación de sanción económica así como a prohibición de uso deste servizo público.

Artigo 3. Da prestación da recollida e recepción de residuos “*porta a porta*” nas industrias ou empresas produtoras de residuos

1. A recollida e recepción dos residuos “*porta a porta*” será a solicitude da persoa interesada e terán condición de usuarias deste servizo todas as persoas físicas, xurídicas ou outras entidades que, de xeito directo ou indirecto, entreguen aqueles residuos clasificados como aceptados, ao persoal encargado de realizar esta recollida, é dicir, calquera produtor/a ou posuidor/a de residuos industriais non perigosos e especiais, que faga entrega deles ao transportista responsable deste servizo público supramunicipal de recollida e tratamento de residuos industriais non perigosos e especiais.

2. A recepción dos residuos quedará regulada baixo a aplicación das prestacións patrimoniais non tributarias, en función da localización da industria ou empresa á que se vaia a recoller os residuos, ou ben dentro da zona prioritaria ou pola contra na zona non prioritaria, definidas no artigo 1.5 desta ordenanza.

3. No momento de realizar a entrega dos residuos ao persoal do servizo de recollida e recepción “*porta a porta*”, a persoa cedente deberá proporcionar a seguinte información, e no seu caso presentar a seguinte documentación:

- Razón social da empresa que entrega o residuo
- Persoa propietaria e teléfono de contacto
- Tipo (código LER) e volume de residuos
- Autorización que corresponda segundo a normativa que lle sexa de aplicación en cada caso

4. Considérase “residuo recepcionado porta a porta” cando se cumpran todos os trámites esixidos nesta ordenanza reguladora, así como, cando estes sexan aceptados polo xestor do

centro verde ou o transportista autorizado para a recollida, e consecuentemente, téñase liquidado a prestación patrimonial de carácter público non tributaria correspondente.

5. En ningún caso recolleranse residuos que non poidan ser clasificados/identificados dentro dalgunha das tipoloxías recollidas no Anexo I desta ordenanza, ben polo seu estado de conservación, a invisibilidade do embalaxe, a mestura con algún residuo non permitido e/ou prohibido ou ben, por calquera outro motivo.

6. A presenza de residuos perigosos, que se detecten no momento da recollida “*porta a porta*”, suporán a non aceptación e consecuentemente a non recollida. No caso de que non se detecten e aparezan mesturados posteriormente á recollida, serán almacenados nun contedor pechado con este destino para a entrega ao xestor autorizado, procedéndose a tramitar pola administración o correspondente expediente sancionador, do que se poida derivar a aplicación de sanción económica así como, a prohibición de uso deste servizo público.

Título II

Do réxime sancionador

Artigo 4. Infraccións

1. Considéranse infraccións as accións ou omisións que contraveñan o establecido na presente ordenanza así como aquelas outras que estean tipificadas na lexislación estatal ou autonómica, reguladora das materias que se inclúen, sen prexuízo do que os preceptos desta ordenanza poidan contribuír á súa identificación máis precisa.
2. As infraccións tipificadas na presente ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves.
3. Serán infraccións moi graves:
 - a) Exercicio de calquera actuación ou actividade dentro das instalacións, que poida supoñer dano ou deterioro ambiental.
 - b) Exercicio de calquera manobra, actuación, acto vandálico ou actividade dentro das instalacións, que poida supoñer dano ou deterioro a dita instalación ou elemento anexo á propiedade.

- c) Obrigar ao persoal encargado da xestión do centro verde ou ao transportista á recepción de residuos non admisibles no centro verde, mediante extorsión, chantaxe, ameaza ou emprego de violencia física ou verbal.
 - d) Ocultar, mesturar ou incluír, dolosamente, residuos non admisibles, de tal xeito que sexa imposible detectalos durante a recepción, tanto no centro verde, como na recollida “*in-situ*”.
 - e) Desfacerse de residuos que poidan ser obxecto dalgunha proba xudicial, derivada dun acto delituoso ou susceptible de ter causado un dano ou deterioro no medio ambiente, ou posto en grave perigo a saúde das persoas.
 - f) Obstruír a actividade inspectora ou de control da Deputación Provincial de Ourense.
4. Serán infraccións graves:
- a) Obrigar ao persoal encargado da xestión do centro verde ou ao transportista á recepción gratuíta de residuos admisibles no centro verde, mediante extorsión, chantaxe, ameaza ou emprego de violencia física ou verbal.
 - b) Falsificar a documentación e datos esixidos sobre o produtor, o xestor e/ou os residuos que se entregan no centro verde ou na recollida “*in-situ*”.
 - c) A comisión dalgunha das infraccións indicadas no apartado anterior cando pola súa escasa entidade non mereza a clasificación de moi grave.
5. Serán infraccións leves:
- a) Obrigar ao persoal encargado da xestión do centro verde ou ao transportista á recepción gratuíta de residuos admisibles no centro verde, aínda sen empregar violencia física ou verbal.
 - b) A comisión dalgunha das infraccións indicadas no apartado anterior cando pola súa escasa entidade non mereza a clasificación de grave.

Artigo 5. Prescrición das infraccións.

1. As infraccións leves prescribirán ao ano, as graves aos tres anos e as moi graves aos cinco anos.
2. O prazo de prescrición das infraccións comezarase a contar desde o día en que a infracción se comete.

3. Nos supostos de infraccións continuadas, o prazo de prescrición comezará a contar desde o momento da finalización da actividade ou do último acto co que a infracción se consuma. No caso de que os feitos ou actividades constitutivos de infracción foran descoñecidos por carecer de signos externos, dito prazo computarase desde que estes se manifesten.

4. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, continuando o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivera paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.

Artigo 6. Sancións

- a) No caso de infraccións moi graves: as multas oscilarán desde los 5.001,00 € ata os 15.000,00 €.
- b) No caso de infraccións graves: as multas oscilarán dende os 751,00 € ata os 5.000,00 €.
- c) No caso de infraccións leves: as multas serán ata os 750,00 €.

Artigo 7. Prescricións das sancións.

1. As sancións impostas pola comisión de infraccións leves prescribirán ao ano, as impostas por faltas graves aos tres anos e as impostas por faltas moi graves aos cinco anos.

2. O prazo de prescrición das sancións comezase a contar dende o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

3. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

Artigo 8. Publicidade das sancións

O Pleno poderá acordar a publicación, a través dos medios que considere oportunos, das sancións impostas pola comisión de infraccións graves e moi graves, unha vez que esta adquirira firmeza.

Artigo 9. Competencia e procedemento sancionador

1. Corresponde ao presidente da Deputación a resolución dos expedientes administrativos sancionadores no exercicio da competencia que lle é atribuída a tal fin polo artigo 21.1.n) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

2. A imposición de sancións e a exixencia de responsabilidades conforme a esta ordenanza levaranse a cabo de conformidade co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e segundo os principios establecidos na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico das administracións públicas e demais normativa que lle sexa de aplicación.

Artigo 10. Reparación do dano e indemnización.

Sen prexuízo da sanción que se poderá impor, a persoa infractora quedará obrigada á reposición da situación alterada nos supostos previstos no artigo 4.3.a) e b) desta ordenanza, así como a indemnización dos danos e prexuízos causados que deberá ser determinado polo órgano competente e trala tramitación do correspondente expediente no que, en todo caso, darase audiencia á persoa interesada. Este expediente poderá tramitarse de forma conxunta ou separadamente do de determinación da responsabilidade infractora.

Disposición final

Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, sempre que transcorrera o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Anexo I

Residuos permitidos e aceptados no Centro Verde

CÓGIGO LER	RESIDUOS INDUSTRIAIS NON PERIGOSOS
20 01 38	MADEIRAS
20 01 01	PAPEL
20 01 01	CARTÓN
20 01 40	CHATARRA
20 01 11	TEAS
20 01 39	PLÁSTICOS
20 01 99	OUTROS
17 04 02	ALUMINIO
varios	LODOS
–	PALETS

-	EMBALAXES DE CARÁCTER INDUSTRIAL
20 01 02	VIDRO
10 01	CINZAS

CÓDIGO LER	RESIDUOS INDUSTRIAIS DE CARÁCTER ESPECIAL
	SUBTIPO
080111	PINTURAS E VERNICES
08 03 12	TINTAS CON DISOLVENTE OU SUBSTANCIAS PERIGOSAS
08 03 17	RESIDUOS DE TÓNER DE IMPRESIÓN
08 04 09	RESIDUOS DE ADHESIVOS E SELADORES QUE CONTEÑEN DISOLVENTES ORGÁNICOS OU SUBSTANCIAS PERIGOSAS
CAP 08	PO DE LIXADO
12 01 09	EMULSIÓNS E DISOLUCIÓNS DE MECANIZADO SEN HALÓXENOS
13 01 10	ACEITES MINERAIS NON CLORADOS DE MOTOR, DE TRANSMISIÓN MECÁNICA E LUBRICANTES
14 06 02	OUTROS DISOLVENTES E MESTURAS DE DISOLVENTES HALOXENADOS
14 06 03	OUTROS DISOLVENTES E MESTURAS DE DISOLVENTES
15 01 10	ENVASES QUE CONTEÑEN RESTOS DE SUBSTANCIAS PERIGOSAS OU ESTÁN CONTAMINADOS POR ELAS
15 01 11	ENVASES METÁLICOS, INCLUÍDOS OS RECIPIENTES A PRESIÓN BALEIROS, QUE CONTEÑEN UNHA MATRIZ POROSA SÓLIDA PERIGOSA
15 02 02	ABSORBENTES, MATERIAIS DE INFILTRACIÓN (INCLUÍDOS OS FILTROS NON ESPECIFICADOS NOUTRA CATEGORÍA), TRAPOS DE LIMPEZA E ROUPA PROTECTORA CONTAMINADA POR SUBSTANCIAS PERIGOSAS
16 01 07	FILTROS DE ACEITE
16 01 13	LÍQUIDOS DE FREO
16 01 14	ANTICONXELANTES QUE CONTEÑEN SUBSTANCIAS PERIGOSAS
16 06 01	BATERÍAS DE CHUMBO
20 01 33	BATERÍAS E ACUMULADORES ESPECIFICADOS NOS CÓDIGOS 16 06 01, 16 06 02 OU, 16 06 03, E BATERÍAS E ACUMULADORES SEN CLASIFICAR QUE CONTEÑEN ESAS BATERÍAS
CAP 18	RESIDUOS DE LABORATORIO
16 06 04	PILAS ALCALINAS E SALINAS

-	LIXO INDUSTRIAL
-	AUGAS HIDROCARBURADAS

Anexo II

Residuos non permitidos e non aceptados no Centro Verde

CÓGIGO LER	RESÍDUOS NON ADMISÍBEIS
-	RESIDUOS URBANOS ORGÁNICOS
-	MATERIAIS RADIATIVOS
-	MATERIAIS EXPLOSIVOS

-	MATERAIS INFLAMÁBEIS
-	RESIDUOS INFECCIOSOS
-	RESIDUOS BIOSANITARIOS E/OU CITOLÓXICOS
-	RECIPIENTES VOLUMINOSOS QUE CONTIVERAN MATERIAIS TÓXICOS OU PERIGOSOS
-	MEDICAMENTOS
-	RESIDUOS SEN SEGREGAR
-	RESIDUOS SEN IDENTIFICAR
-	RESIDUOS NON ESPECIFICADOS NA LISTAXE DE ADMISÍBEIS

2º.- Someter o presente expediente e o acordo de aprobación inicial ao trámite de información pública, por un prazo de trinta (30) días hábiles, mediante a inserción de anuncios no BOP de Ourense e na sede electrónica da Deputación, de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 7/1985. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán formular as reclamacións que consideren oportunas, as cales deberán ser resoltas polo pleno da Corporación Provincial, a través de acordo de aprobación definitiva. No caso de que non se formulasen reclamacións en prazo, o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, sen necesidade de acordo plenario expreso.

10º.- ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIA POLO SERVIZO PÚBLICO SUPRAMUNICIPAL DE RECOLLIDA E RECEPCIÓN DE RESIDUOS INDUSTRIAIS NON PERIGOSOS E ESPECIAIS

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente co do punto anterior.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12) e de DO (2), o voto en contra do Grupo Socialista (6) e a abstención do BNG (3), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributaria polo servizo público supramunicipal de recollida e recepción de residuos industriais non perigosos e especiais, co seguinte contido:

Artigo 1. Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, esta Deputación Provincial establece a prestación patrimonial de carácter público non tributario como contra prestación polo servizo público supramunicipal de recollida e tratamento de residuos

industriais non perigosos e especiais, que se rexerá pola presente ordenanza reguladora de prezos públicos.

Todo iso en aplicación do establecido polo novo apartado 6 do artigo 20 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL), na redacción aprobada para este novo apartado 6 pola disposición final duodécima da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), cuxa entrada en vigor produciuse o 9 de marzo do ano 2018.

O anterior, en concordancia co establecido polas disposición adicional cuadraxésimo terceira da citada Lei de contratos do sector público, e pola disposición adicional primeira da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria (LXT) na redacción aprobada para a mesma pola disposición final undécima da citada Lei 9/2017, de contratos do sector público.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

Os prezos regulados nesta ordenanza constitúen prestacións patrimoniais de carácter público non tributario que se satisfarán polos usuarios que, de xeito voluntario, soliciten o servizo de recollida, recepción e tratamento de residuos industriais non perigosos e especiais no centro verde, sito na rúa núm. 4 do Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas (San Cibrao das Viñas - Ourense).

O ámbito territorial de aplicación desta ordenanza é para os residuos industriais non perigosos e especiais, de industrias ou actividades localizadas na provincia de Ourense, incluíndo dúas áreas principais:

- A primeira, denominada como “zona prioritaria”, abarcando o Polígono Industrial de San Cibrao, o Parque Empresarial de O Pereiro de Aguiar e a Zona Comercial Barreiros.
- A segunda, nomeada como “zona non prioritaria”, para todas aquelas zonas territoriais que estean fóra da primeira, como por exemplo as que se sitúan noutras zonas do municipio de San Cibrao das Viñas ou aquelas próximas á zona industrial de Seixalbo (no municipio de Ourense), incluso nos arredores da cidade de Ourense.

Artigo 3. Feito impoñible

1. Constitúe o feito impoñible desta prestación patrimonial:

- A recepción no centro verde de residuos de orixe industrial de tipo non perigoso ou especial producidos nos municipios da provincia de Ourense.

- A recollida e recepción “porta a porta” por persoal autorizado do servizo, nas industrias e empresas situadas na provincia de Ourense, dos residuos industriais non perigosos ou especiais que se orixinen pola actividade industrial ou empresaria.

Artigo 4. Obrigadas ao pago

Estarán obrigadas ao pago da prestación patrimonial de carácter público non tributario, en concepto de obrigada principal e directa, as persoas físicas ou xurídicas, privadas ou públicas, que fagan uso da prestación do servizo público supramunicipal de recollida, recepción e tratamento de residuos industriais non perigosos e especiais dentro do termo provincial, conforme establece o artigo 43 da Lei reguladora das facendas locais.

Artigo 5. Responsables

Responderán solidaria ou subsidiariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 41 a 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

En concreto, responderá solidariamente, como substituto da obrigada tributaria, o transportista que entrega o residuo nas instalacións do centro verde do Polígono de San Cibrao ou os administradores ou integrantes da administración concursal e liquidadores de quebras das sociedades, co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 6. Cota tributaria

Establécese que a cobranza das prestacións patrimoniais de carácter non tributario se realice mediante o réxime de tarifas para cada tipo de servizo e residuo industrial non perigoso ou especial permitido na ordenanza, segundo se establece a continuación:

CÓGIGO LER	RESIDUOS INDUSTRIAIS NON PERIGOSOS	CUSTO (€/t)
20 01 38	MADEIRAS	7,00 €/t
20 01 01	PAPEL	8,80 €/t
20 01 01	CARTÓN	8,80 €/t
20 01 40	CHATARRA	110,00 €/t
20 01 11	TEAS	5,00 €/t
20 01 39	PLÁSTICOS	50,00 €/t
20 01 99	OUTROS	10,00 €/t
17 04 02	ALUMINIO	625,00 €/t

varios	LODOS	380,00 €/t
-	PALETS	0,38 €/t
-	EMBALAXES DE CARÁCTER INDUSTRIAL	50,00 €/t
20 01 02	VIDRO	27,00 €/t
10 01	CINZAS	40,00 €/t

1.
CUADRO
DE
TARIFAS
PARA A

RECEPCIÓN DO RESIDUO:

CÓDIGO LER	RESIDUOS INDUSTRIAIS DE CARÁCTER ESPECIAL	TARIFA (€/t)
	SUBTIPO	
080111	PINTURAS Y VERNICES	410,00 €/t
08 03 12	TINTAS CON DISOLVENTE OU SUBSTANCIAS PERIGOSAS	410,00 €/t
08 03 17	RESIDUOS DE TÓNER DE IMPRESIÓN	90,00 €/t
08 04 09	RESIDUOS DE ADHESIVOS E SELADORES QUE CONTEÑEN DISOLVENTES ORGÁNICOS OU SUBSTANCIAS PERIGOSAS	350,00 €/t
CAP 08	PO DE LIXADO	180,00 €/t
12 01 09	EMULSIÓNS E DISOLUCIÓNS DE MECANIZADO SEN HALÓXENOS	200,00 €/t
13 01 10	ACEITES MINERAIS NON CLORADOS DE MOTOR, DE TRANSMISIÓN MECÁNICA E LUBRICANTES	0,00 €/t
14 06 02	OUTROS DISOLVENTES E MESTURAS DE DISOLVENTES HALOXENADOS	900,00 €/t
14 06 03	OUTROS DISOLVENTES E MESTURAS DE DISOLVENTES	900,00 €/t
15 01 10	ENVASES QUE CONTEÑEN RESTOS DE SUBSTANCIAS PERIGOSAS OU ESTÁN CONTAMINADOS POR ELAS	250,00 €/t
15 01 11	ENVASES METÁLICOS, INCLUÍDOS OS RECIPIENTES A PRESIÓN BALEIROS, QUE CONTEÑEN UNHA MATRIZ POROSA SÓLIDA PERIGOSA	250,00 €/t
15 02 02	ABSORBENTES, MATERIAIS DE INFILTRACIÓN (INCLUÍDOS OS FILTROS NON ESPECIFICADOS NOUTRA CATEGORÍA), TRAJOS DE LIMPEZA E OUPA PROTECTORA CONTAMINADA POR SUBSTANCIAS PERIGOSAS	300,00 €/t
16 01 07	FILTROS DE ACEITE	0,00 €/t
16 01 13	LÍQUIDOS DE FREO	150,00 €/t

16 01 14	ANTICONXELANTES QUE CONTEÑEN SUBSTANCIAS PERIGOSAS	240,00 €/t
16 06 01	BATERÍAS DE CHUMBO	450,00 €/t
20 01 33	BATERÍAS E ACUMULADORES ESPECIFICADOS NOS CÓDIGOS 16 06 01, 16 06 02 OU, 16 06 03, E BATERÍAS E ACUMULADORES SEN CLASIFICAR QUE CONTEÑEN ESAS BATERÍAS	0,00 €/t
CAP 18	RESIDUOS DE LABORATORIO	2.700,00 €/t
16 06 04	PILAS ALCALINAS E SALINAS	30,00 €/t
–	LIXO INDUSTRIAL	130,00 €/t
–	AUGAS HIDROCARBURADAS	220,00 €/t

2. TARIFAS PARA O SERVIZO DE RECOLLIDA PORTA A PORTA

Establécese para o servizo de recollida unha tarifa de 1,32 €/km para a zona prioritaria e de 1,58 €/Km para a zona non prioritaria.

Artigo 7. Revisión de tarifas

Establécese a seguinte fórmula de revisión de custos: $P_t = K_t * P_o$

Onde:

- P_t : Orzamento de execución material revisado.
- P_o : Orzamento de execución material no mes e ano de adxudicación do contrato
- K_t é o coeficiente de revisión resultante da aplicación da seguinte fórmula:

$$K_T = 0,4784 \cdot \frac{S_t}{S_0} + 0,0179 \cdot \frac{L_t}{L_0} + 0,0602 \cdot \frac{X_t}{X_0} + 0,443$$

Onde:

- **S**: Variación salarial media pactada, a nivel estatal, para o sector de “Recollida, tratamento, eliminación de residuos e valorización”, publicada polo Ministerio de Traballo e Economía Social.
(O valor a aplicar nunca será superior ao das actualizacións do custo da man de obra no sector público aprobado nos Orzamentos Xerais do Estado).
- **L**: Variación a nivel estatal do índice da clase "combustibles e lubricantes para vehículos persoais" publicado polo Instituto Nacional de Estatística (INE).
- **X**: Prezo medio aritmético de España (€/MWh), publicado polo Operador do Mercado Ibérico da Enerxía,-OMIE-.

- Subíndices **t** e **0**: momento da revisión do contrato e momento da súa formulación respectivamente.

Artigo 8. Pagamento da prestación patrimonial

A obrigación de pago do prezo público regulado nesta ordenanza nace desde que se presta o servizo especificado no feito impositivo.

A prestación patrimonial devéñase cando se solicita a prestación do servizo.

O pago das tarifas efectuarase no lugar e forma que designe o adxudicatario do servizo e efectuarase o abono do prezo, no momento da entrega do residuo nas instalacións do servizo público supramunicipal, sito no centro verde do Polígono de San Cibrao das Viñas ou cando se realice a recollida “porta a porta” dos residuos.

Artigo 9. Infraccións e sancións tributarias

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicaranse os preceptos de contidos nos artigos 178 e ss. da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e demais normativa que a desenvolva.

Disposición Adicional.

Dado que o réxime xurídico substantivo básico aplicable á figura das “prestacións patrimoniais de carácter público non tributario” actualmente establecido con carácter xeral na disposición adicional primeira da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e con carácter específico para as entidades locais, no novo apartado 6 do artigo 20 do TRLFL, non foi aínda desenvolvido de xeito normativo polo lexislador estatal, mentres non sexa levada a cabo esta regulación normativa de desenvolvemento, e no non disposto expresamente pola presente ordenanza reguladora, serán de aplicación supletoria á prestación patrimonial de carácter público regulada na mesma, as determinacións sobre implantación, xestión, inspección, recadación e revisión en vía administrativa establecidas para taxas polos mencionados textos legais.

Disposición Final. Aprobación, entrada en vigor e derogación da ordenanza

Esta ordenanza entrará en vigor e será de aplicación tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor mentres non se acorde a modificación ou derogación expresa da antedita.

2º.- Someter o presente expediente e o acordo de aprobación inicial ao trámite de información pública, por un prazo de trinta (30) días hábiles, mediante a inserción de anuncios no BOP de Ourense e na sede electrónica da Deputación, de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 7/1985. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán formular as reclamacións que consideren oportunas, as cales deberán ser resoltas polo pleno da Corporación Provincial, a través de acordo de aprobación definitiva. No caso de que non se formularsen reclamacións en prazo, o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, sen necesidade de acordo plenario expreso.

11º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR RELATIVA A AXILIZAR AS TRAMITACIÓNS DOS EXPEDIENTES REFERIDOS AO PROGRAMA DE AXUDAS PARA A RENOVACIÓN DE INSTALACIÓNS CONCEDIDAS AOS CONCELLOS POLO IDAE.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Popular para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

1ª intervención de Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, na que procede a dar lectura á moción do seu grupo na que indica que o IDAE (Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía), adscrito ao Ministerio de Transición Ecolóxica, ten como un dos seus propósitos "contribuír á consecución dos obxectivos adquiridos por España en materia de eficiencia enerxética". Unha das súas accións máis importantes é o programa de axudas para a renovación das instalacións de iluminación nos concellos. Con este programa preténdese o cambio de lámpadas e luminarias, e a implantación de sistemas de regulación, co obxecto de reducir o consumo de enerxía eléctrica en iluminación en, polo menos, un 60%; regular os niveis de iluminación segundo diferentes horarios nocturnos, axustándose ás necesidades dos cidadáns; e adecuar as instalacións existentes aos preceptos establecidos no regulamento de eficiencia enerxética en instalacións de iluminación exterior. Toda administración pública debe ter entre os seus propósitos a protección do medio ambiente mediante políticas de aforro enerxético que, ademais, van supoñer un aforro de custos, o que supón conseguir unha maior

liquidez para a mesma. Moitos concellos teñen problemas importantes de liquidez e cada vez cústalles máis dar os servizos esenciais. Ademais, o prezo da enerxía eléctrica aumentou considerablemente nos últimos anos e isto supón un incremento moi importante de gasto nos orzamentos municipais. Por iso, este programa supón unha boa liña de financiamento para a execución de proxectos de aforro enerxético, e moitos concellos aproveitan a oportunidade solicitando esta subvención, cuxos custos son moi elevados en relación á súa capacidade de gasto anual. A tramitación deste programa por parte do IDAE está a ser moi lento. En casos concretos, desde que se tramita a solicitude ata que se pode iniciar a contratación, pasaron máis de 2 anos, o que supón un período de tempo moi prolongado no que se está deixando de aforrar enerxía, aumentando o gasto eléctrico. E máis tendo en conta que estes programas supoñen un aforro do 60% de enerxía, e o consecuente aforro no gasto nas devanditas iluminacións públicas (un dos maiores gastos nos orzamentos municipais). Outro dos problemas, derivados tamén na tramitación dos expedientes por parte do IDAE, é que unha vez executada a obra e pagado contratista por parte dos concellos, pasa moito tempo para poder cobrar, o que supón unha tensión de tesourería moi importante, tendo en conta que o importe contratado -e por tanto aboado-, en moitos casos, supón máis do 30% do orzamento municipal e, incluso, en ocasións ata o 50%. Esta situación, se a trasladamos a concellos con problemas económicos, pode supoñer a súa quebra financeira e obrigaríalos a ter que endebedarse con entidades bancarias, aumentando así a súa débeda pública, cos gastos asociados correspondentes. Ademais, ante este escenario, son os concellos os que están a soportar esta situación. Esta realidade que estamos a vivir leva consigo que moitos deles vense obrigados a derivar fondos de outras partidas para poder facer fronte a esta situación, poñendo en perigo servizos esenciais como asistencia a persoas con necesidades, a nenos, a persoas con discapacidade, axudas a comedores sociais ou programas de prevención e intervención fronte á violencia de xénero. En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes acordos: 1º.- Instar ao IDAE a adoptar as medidas oportunas co fin de axilizar as tramitacións, previas á contratación, dos expedientes relativos ao programa de axudas para a renovación das instalacións de iluminación exterior municipal concedidas polo IDAE (Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía); e habilitar un teléfono de contacto e non limitar a comunicación o correo electrónico, remitindo todos os requirimentos a vez, para así non retrasar o pago das mesmas. 2º.- Instar ao IDAE a activar os medios técnicos necesarios que permitan incorporar as xustificacións esixibles para tramitar a

cobranza da parte subvencionable, xa adiantada por parte dos concellos, e que está a ocasionar tensións moi importantes na súa tesourería, axilizando o pago da subvención sen que o ingreso da mesma supere o ano natural. 3º.- Instar ao IDAE a incluír nas diferentes ordes de subvencións a posibilidade de anticipar o importe concedido para que así non se vexan afectadas as Tesourerías dos Concellos. 4º.- Instar ao IDAE a urxir a necesidade de volver á modalidade de subvencións a fondo perdido ao 100 % -ou en todo caso ao 80 %-, e non a préstamo ao 0% como na última convocatoria. 5º.- Instar ao Goberno de España a aumentar o importe nos Orzamentos Xerais do Estado para estas medidas, dado que a “acción polo clima” é un dos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030, tan anunciados polo Goberno de España.

1ª intervención de Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, indica que antes de comezar co debate da moción, lle gustaría aclarar algo que pasou na sesión plenaria anterior. Así, sinala que un coñecido xornal sacou o seguinte titular “Un deputado de DO admite que le importa un bledo la política”, e que non dixo iso. Así, indica que isto se engloba dentro das falsidades e mentiras dos medios de comunicación, e que nese propio xornal, un tal Emilio Iglesias escribiu un artigo “poniéndome verde” por unha cousa que el non dixo. Teñen as vosas voces a as vosas imaxes, e poden facer con elas o que queiran, polo que vós ides enfrontar a un perigo máis grande do que imaxinades. Entrando xa na moción sinala que todos imos estar de acordo con esta moción, pero hai un problema coa palabra “instar”, preguntando se serve para algo instar e para que serven estes plenos da Deputación.

1ª intervención de Bernardo Varela López, do BNG, nesta quenda lembra que estamos aquí para facer política e que a partir de aquí, e centrándose na moción, está totalmente de acordo coas propostas que se inclúen nela, e indica que as subvencións do IDAE seguramente estean ben intencionadas pero presentan bastantes eivas. No ano 2007 houbo unha redución moi importante, do 90 %, para a tarifa da luz das iluminacións públicas dos concellos, pero de repente subíronnola alegando sustentabilidade ambiental e necesidade de reducir o seu consumo. O resultado é que unha vez reducidos os consumos, co incremento das tarifas, os concellos pagamos máis de tarifa de subministro de enerxía eléctrica. O IDAE parecía ser a solución, porque ía supoñer aforro ambiental e económico, pero atopámonos con que ao cabo dos anos nos fan unha revisión do prego de licitación que sacamos e nos poñen penalizacións e a partir de aí, proxectos executados no ano 2019 están sen pagar, e agora as pólizas de crédito aumentaron exponencialmente o seu valor e resulta moi custoso acudir a elas. Non

existe ademais un interlocutor co que falar e expoñerlle os problemas. Agora, nas novas convocatorias do IDAE, non van deixar os cartos a custo cero, pero xa non hai subvencións. Os concellos somos administracións e o lóxico sería que non anticipasen os fondos para evitar as tensións de tesourería, xa que o concello ten mecanismos para reintegrar no caso de eventuais incumprimentos. Remata indicando que non coñece ningún concello que estea medianamente satisfeito da súa relación con este organismo estatal.

1ª intervención de Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, comeza sinalando que a moción ten unhas argumentacións ben feitas e coinciden co exposto na exposición de motivos, e que levan aos concellos solicitantes a pasar momentos de incerteza coa solicitude das subvencións e posteriormente na súa tramitación e resolución, demorándose por días e meses as consultas que se fan desde os concellos. Como exemplo cita ao concello de Xinzo de Limia, ao que se lle concedeu a subvención no ano 2020, e ata que se recepcionou o último dos proxectos pasaron tres longos anos. Toda esta tramitación poderíase resolver con outros sistemas e poñen en dúbida que as consultas por teléfono sexa un sistema válido, xa que non garante seguridade xurídica ningunha. Os concellos deben asumir o custo total das obras e os pagos demóranse, o que ocasiona moitos problemas nalgúns concellos, especialmente naqueles que non poden acudir a operacións de endebedamento. Aquí fai un inciso, para pedir axilidade nos pagos non só a Administración do Estado, lembrando que a Xunta de Galicia ás veces tamén se demora no pagamento das subvencións xustificadas polos concellos. Voltando á tramitación das subvencións do IDAE, indica que as tensións de tesourería non son idénticas en todos os concellos, e que incluso pode depender da cor política, porque nesta corporación provincial foron moitas as subvencións nominativas destinadas a cofinanciar proxectos subvencionados polo IDAE, en concreto o 20 % da aportación municipal, a redacción de proxectos ou directamente a adquisición de novas luminarias, incluso na modificación orzamentaria que se aprobou no pleno do día de hoxe. No caso doutros concellos, entre eles o de Xinzo, solicitouse o cofinanciamento a esta Deputación Provincial e xa saben, a calada por resposta, e silencio negativo. No ano 2021 a algúns concellos incluso se lles cofinanciaron proxectos de anos anteriores ao exercicio corrente desde esta Deputación Provincial. Está ben que pidamos axilidade ao IDAE na tramitación dos expedientes e dos pagos, pero tamén lle podemos pedir a esta Deputación que teña asignada unha cantidade para este tipo de actuacións, porque debe estar comprometida coa Axenda 2030.

2ª intervención de Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, nesta segunda quenda comeza dando as grazas a todos os grupos provinciais por apoiar esta iniciativa política. Seguidamente indica que cando ela se referiu as consultas telefónicas quería referir a importancia de verbalizar e é lóxico que os técnicos necesiten respostas por escrito, pero que sería bo tamén un teléfono para determinadas consultas, e que unha cousa non quita a outra. Respecto ás alusións á Xunta de Galicia sinala que non son supostos comparables, xa que a administración autonómica pode demorarse meses, pero nunca anos como no caso que estamos a falar. Claro que podemos recorrer a operacións de crédito desde os concellos, pero non ten sentido cando o Estado ten os Fondos Next Generation UE. Incluso entende que o Estado podería arbitrar unha especie de plan único para o outorgamento de fondos europeos para os nosos concellos. Non podemos permitir esas tensións de Tesourería cando os cartos están dispoñibles polo Estado, e que se simplifique a tramitación tan tediosa e complicada que existe actualmente. Esta moción é moi necesaria e ogallá que “instar” neste caso teña resultados e poidamos mellorar a xestión.

2ª intervención de Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, toma a palabra para sinalar que exactamente o que el dixo é que “probablemente yo sea el peor de todos vosotros, a fin de cuentas puedo permitirme estos lujos porque yo no tengo futuro político, me importa un bledo lo que yo diga aquí o lo que digan de mi”. Isto non ten nada que ver con que non me interese a política, senón todo o contrario. Insiste preguntando para que serve instar e pregunta se algunha vez algunha moción desta Deputación na que se ten instado a outra administración, serviu para algo. Engade que os plenos e a información que se dá son moi aburridos e deberíamos pensar a forma para que sexan máis divertidos.

2ª intervención de Bernardo Varela López, do BNG, sinala que todos os concellos, independentemente da cor política, sufrimos a inoperancia do IDAE, pero como parece que non fan nada por mudalo, debemos ser os concellos os que “instemos e reclamemos”. No fondo do asunto todos o temos claro e a nosa proposta coincide coa que traslada ao grupo propoñente e non hai moito que discutir e todos os concellos estamos de acordo en que o IDAE debería modificarse, e sorpréndelle que a voceira popular lle comprase o seu discurso de que todos os concellos teñan unha cantidade de asignación directa con determinados eixes, dos Fondos Next Generation UE, e se reduzan os procedementos de concorrencia competitiva.

2ª intervención de Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, nesta quenda sinala que o Grupo Popular parece que ten sempre un dobre discurso, que todas as administracións nas que non gobernamos reparta con criterios obxectivos, pero as nosas non. Un reparto equitativo foi o Plan E do goberno de Zapatero, pero non o foi o Plan Montoro que asfixiou a varios concellos. Hai concellos que xa non piden o IDAE, porque veñen a esta casa e se lles financia, e esa é outra fórmula de facer as cousas. O obxectivo común de todos os concellos debe ser o aforro enerxético, e por sorte para este país conseguiuase a “excepción ibérica” que conseguiu o presidente Sánchez para que teñamos unha rebaixa do prezo luz, polo que todo hai que velo na súa xusta medida. Remata indicando que está ben respectar a autonomía municipal e pedir un tratamento xusto en todas as AAPP, pero debe incluírse tamén a esta casa.

Quenda de peche de Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, pregunta porque a voceira socialista recorre a un discurso que xa non é actual, porque estamos a piques de chegar a un reparto equitativo. É triste que concellos teñan que acudir a subvencións de esta Administración ante a ineficiencia do IDAE. Respecto ás alusións da “excepción ibérica” lembra que cando repasamos as facturas da luz o resultado é que pagamos máis polo famoso Real decreto que pola propia tarifa de consumo. Remata agradecendo o apoio unánime a esta moción e pídelle á prensa que visibilice esta petición que fan todos os grupos políticos desta Deputación.

Intervén o Sr. presidente para manifestar que “instar” é a forma xurídica que temos para poder chegar a outras administracións, e se se aprobase esta moción en todas as deputacións de España, quen toma as decisións, se vería afectado na súa toma de decisións, e parece que se trata máis dun problema de xestión que de problema de fondo. Respecto á intervención do Grupo Socialista sinala que lle gustaría un reparto equitativo en todas as AAPP, non só nesta. Por último sinala que as subvencións nominativas para eficiencia enerxética, as concedidas por esta Deputación foron para concellos do PP, do PS de G-PSOE e do BNG.

Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista lembra que o concello de Xinzo pediu o cofinanciamento para os proxectos do IDAE polo menos en dúas ocasións, e desde esta Deputación nin se lle contestou.

Intervén o Sr. presidente para rematar reiterando a importancia deste problema e de acadar unha solución.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar ao IDAE a adoptar as medidas oportunas co fin de axilizar as tramitacións, previas á contratación, dos expedientes relativos ao programa de axudas para a renovación das instalacións de iluminación exterior municipal concedidas polo IDAE (Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía); e habilitar un teléfono de contacto e non limitar a comunicación o correo electrónico, remitindo todos os requirimentos a vez, para así non retrasar o pago das mesmas.

2º.- Instar ao IDAE a activar os medios técnicos necesarios que permitan incorporar as xustificacións esixibles para tramitar a cobranza da parte subvencionable, xa adiantada por parte dos concellos, e que está a ocasionar tensións moi importantes na súa tesourería, axilizando o pago da subvención sen que o ingreso da mesma supere o ano natural.

3º.- Instar ao IDAE a incluír nas diferentes ordes de subvencións a posibilidade de anticipar o importe concedido para que así non se vexan afectadas as Tesourerías dos Concellos.

4º.- Instar ao IDAE a urxir a necesidade de volver á modalidade de subvencións a fondo perdido ao 100 % -ou en todo caso ao 80 %-, e non a préstamo ao 0% como na última convocatoria.

5º.- Instar ao Goberno de España a aumentar o importe nos orzamentos xerais do Estado para estas medidas, dado que a “acción polo clima” é un dos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030, tan anunciados polo Goberno de España.

12º.- MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS POLÍTICOS SOBRE O PACTO DE PEDRE.-

O Sr. presidente cédelle a palabra aos grupos políticos para que expoñan o contido da moción. A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

1ª intervención de Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, sinala que a mala situación de conservación na que se atopan algunhas estradas en Galicia ten un dos seus exemplos máis significativos na N-541, un viario de competencia estatal que une as localidades de Ourense con Pontevedra, e viceversa, percorrendo os termos municipais de Punxín, Maside, O Carballiño, Boborás e Bearíz, en Ourense e Forcarei e Cerdedo-Cotobade en Pontevedra. Esta estrada é tristemente coñecida en todo o Estado polo alto grado de sinistralidade, on preto dun

centenar de accidentes rexistrados ao longo do ano 2022, entre eles varios con falecidos, como o que aconteceu na pasada Noiteboa cando un autobús con pasaxeiros precipitouse ao río Lézez, deixando 7 falecidos e 2 feridos. Esta circunstancia motivou a varios alcaldes a impulsar o coñecido como Pacto de Pedre, no que a través dunha fronte común municipal comprometéanse a esixir ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, como titular da vía, melloras no trazado da estrada e no estado de conservación e mantemento do seu firme. A devandita iniciativa, foi promovida polos alcaldes de Cerdedo-Cotobade, Punxín, Maside, O Carballiño, Boborás, O Irixo, Beariz e as cidades de Ourense e Pontevedra. Entre as deficiencias desta estrada figuran un asfalto deteriorado e problemas de drenaxe, que provocan a falta de adherencia da vía, problemática que se intensifica cando chove abundantemente, así como un cuestionable trazado e innumerables fochos e depresións da superficie da estrada que levan a que os vehículos perdan estabilidade ao seu paso. En consecuencia, queda demostrado que é necesaria unha actuación urxente nesta infraestrutura estratéxica que precisa unha mellora integral. De feito, esta vía de titularidade estatal vertebra gran parte do territorio que percorre e dá servizo a unha poboación de máis de 218.000 habitantes, que conecta as Rías Baixas co interior de Galicia e coa Meseta, e que ademais vén soportando un volume de tráfico inxente. Esta reclamación do Pacto de Pedre non busca ser un motivo de enfrontamento político ou institucional senón un acto de reivindicación conxunta en defensa activa dos nosos territorios e veciños e de chamamento urxente á mellora da seguridade viaria. En definitiva, o obxectivo perseguido é a procura de alternativas positivas entre as administracións para dar resposta a unha realidade que afecta moi directamente á veciñanza e aos distintos usuarios desta vía. En virtude de todo o exposto, todos os grupos políticos propoñen ao pleno os seguintes acordos: 1º.- Adherirse ás peticións que encabezan os sete concellos agrupados en torno ao Pacto de Pedre para esixir a mellora integral da estrada nacional N-541, conscientes da importancia que esta vía de comunicación ten para os veciños destes concellos, das dúas provincias e da nosa cidade. 2º.- Solicitalles aos Grupos Políticos do Parlamento de Galicia que apoiem as iniciativas que os alcaldes están impulsando desde o Pacto de Pedre para trasladarlle ao Goberno Central a necesidade de acometer a mellora integral da seguridade vial na estrada N-541, ao tempo que emiten unha declaración de apoio pública da necesidade de mellora. 3º.- Demandarlles á Xunta de Galicia e ao Goberno Central o inicio dun estudo para a creación dunha autovía Pontevedra-

Carballiño, con conexión cara Lalín, que permita unha mellor vertebración viaria do interior da provincia de Pontevedra, ao tempo que crea unha alternativa eficaz á N541, viario que hoxe funciona como único trazado real para a veciñanza e traballadores. 4º.- Instar ao Goberno de España a que acometa, coa maior urxencia posible, a mellora integral da estrada N-541 Pontevedra-Ourense, na totalidade do seu percorrido, de tal xeito que se garanta a seguridade da vía e reduza a elevada sinistralidade que presenta. Remata agradecendo á prensa a visibilidade que se lle está dando a este asunto, para poder conseguir, governe quen governe no estado, un investimento axeitado para solucionar a problemática existente.

1ª intervención de Armando Ojea Bouzo, de DO, fai uso da palabra para indicar que se trata dunha moción consensuada polos catro grupos políticos da corporación provincial e que se debe lembrar que a razón de ser é reclamar o arranxo desta estrada moi castigada nos últimos anos polo transporte de vehículos especiais de aeroxeradores e que tivo como punto de inflexión ou “chispa” o accidente dun autobús no pasado Nadal con varias vítimas. Daquela o concello de Ourense xa fixo algunha solicitude de mellora en treitos que discorren polo termo municipal de Ourense. Nesta estrada, en todos os treitos que transcorren por Ourense e Pontevedra, ocorren moitos accidentes e con moita frecuencia e ogallá con esta moción se poida solucionar a problemática pola administración que ten a competencia.

1ª intervención de María Mangana Guede, do BNG, comeza indicando que o “Pacto de Pedre” non ten discusión e que o seu grupo vai apoiar esta moción. Estamos ante unha estrada que ten moitas deficiencias e está en moi mal estado polo que require un arranxo integral. Como único “pero” é que non podemos agardar a que exista un accidente como o do pasado Nadal para facer esta reclamación e hai outras estradas no país e en toda a provincia que requiren unha ollada e non botarnos as mans á cabeza cando ocorra un accidente. Este mesmo tratamento que lle estamos a dar á estrada N-541 llo demos a outras estradas que pasan pola provincia e miremos por todas elas.

1ª intervención de Diego Fernández Nogueira, do Grupo Socialista, comeza indicando que no Concello do Carballiño somos afectados dunha forma directa e xa levamos moitos anos traballando e solicitando as melloras pertinentes polo problema de seguridade evidente desta estrada. Deste xeito encargaron un proxecto que se trasladou ao ministerio con melloras nesa estrada ao seu paso polo concello do Carballiño con melloras de seguridade viaria tanto para vehículos como para peóns. Hai que dicir que esta vía é moi empregada pola conexión co mar

por moitos vehículos pesados e non existen moitas alternativas. Para nós é importantísimo pola seguridade e polo estudo dunha posible conexión mediante autovía para que poidamos ser moito máis competitivos desde o punto de vista industrial e sobre todo pensando na futura ampliación do Polígono Industrial. Agradecemos que esta petición se faga de forma unánime por todos os concellos afectados e sen ánimo de romper o consenso lembrar que se falamos de seguridade viaria durante moitos anos levamos poñendo en coñecemento do grupo de goberno todos os problemas graves na rede viaria provincial e agardamos que neste mandato as nosas reivindicacións sexan atendidas polo ben de todos.

2ª intervención de Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, simplemente por aclarar indica que xa existían reclamacións previas a título individual polos diferentes concellos polos que transcorre esta N-541 pero que agora se trata de unir esforzos. Remata indicando que se ten que atender a moitas outras actuacións pero que esta ven motivada polas peticións formuladas diante desta Deputación polos diferentes alcaldes e alcaldesas que integran o “Pacto de Pedre”.

2ª intervención de María Mangana Guede, do BNG, manifesta que o grupo do BNG na Xunta de Galicia o día que os representantes do “Pacto de Pedre” querían reunirse o grupo non puido ir porque houbo un pleno, polo que piden desculpas e amosan a súa total dispoñibilidade para recibilos en calquera momento.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- 1.- Adherirse ás peticións que encabezan os sete concellos agrupados en torno ao Pacto de Pedre para esixir a mellora integral da estrada nacional N-541, conscientes da importancia que esta vía de comunicación ten para os veciños destes concellos, das dúas provincias e da nosa cidade.
- 2.- Solicitalles aos grupos políticos do Parlamento de Galicia que apoiem as iniciativas que os alcaldes están impulsando desde o Pacto de Pedre para trasladarlle ao Goberno Central a necesidade de acometer a mellora integral da seguridade viaria na estrada N-541, ao tempo que emiten unha declaración de apoio pública da necesidade de mellora.
- 3.- Demandarlles á Xunta de Galicia e ao Goberno Central o inicio dun estudo para a creación dunha autovía Pontevedra-Carballiño, con conexión cara Lalín, que permita unha mellor vertebración viaria

do interior da provincia de Pontevedra, ao tempo que crea unha alternativa eficaz á N541, viario que hoxe funciona como único trazado real para a veciñanza e traballadores.

4.- Instar ao Goberno de España a que acometa, coa maior urxencia posible, a mellora integral da estrada N-541 Pontevedra-Ourense, na totalidade do seu percorrido, de tal xeito que se garanta a seguridade da vía e reduza a elevada sinistralidade que presenta.

13º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA UN ENLACE REAL E EFECTIVO ENTRE AS AUTOVÍAS A-52 E AG-31 E OS POLÍGONOS INDUSTRIAIS DA ÁREA URBANA DE OURENSE.

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

1ª intervención de Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, comeza sinalando que en setembro de 2020 entrou en funcionamento a vía de conexión entre a autovía A-52 e o polígono industrial de San Cibrao, nun treito comprendido entre a autovía e a N-525 e que contou cun investimento total de 19-216.054 euros, cun cofinanciamento pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), nun 80%, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020. Unha demanda histórica e coa que, supostamente, buscábase mellorar a mobilidade de boa parte da área metropolitana da cidade de Ourense, ademais da conectividade coa área industrial de San Cibrao e do Parque Tecnolóxico, algo que a día de hoxe segue sen materializarse. Esta actuación non rematou coa marxinación histórica que vive o polígono de San Cibrao, que segue sendo a día de hoxe a maior área industrial de Galicia, e unha das maiores de España, sen unha autovía de alta capacidade que acceda directamente ata os seus 4 millóns de metros cadrados de superficie. A “falsa” conexión entre polígono e autovía provocou que na actualidade non se teña mellorado cuantitativa e cualitativamente a competitividade das empresas asentadas e a mobilidade dos empregados, empregadas e visitantes ocasionais da área industrial. Por situar esta obra no contexto galego, a autovía de acceso ó polígono do novo porto exterior da Coruña, onde apenas hai empresas instaladas, está en servizo con sección de autovía desde o ano 2016, co porto aínda en obras e tras un investimento de 80 millóns. En San Cibrao, o polígono e os seus máis de 8.000 empregados, se isto non se corrixe, seguirán sen unha vía de alta capacidade de acceso 50 anos despois da súa inauguración. O trazado desta nova e necesaria vía comeza no enlace de Rante, que conecta a A-52 e a AG-31, pero remata abruptamente na

estrada N-525, a uns dous quilómetros da entrada ó polígono industrial de San Cibrao. Na actualidade son numerosas as queixas de empresas, transportistas e traballadores que reclaman unha conexión directa que permita reducir aínda máis os tempos de viaxe, facilite as conexións e reduza a conxestión de vehículos na entrada ao polígono. Esta construción non creou unha conexión directa e real entre a A-52 e o polígono, nin serviu para mellorar a mobilidade dos miles de traballadores que cada día se desprazan dende a cidade e dende o norte da provincia ata esta área industrial e outras da súa contorna. Motivo polo que dende o grupo provincial socialista levamos tempo reclamando unha conexión real e definitiva, que permita conectar cunha vía de alta capacidade o polígono industrial de San Cibrao e o Parque Tecnolóxico coa A-52 e a AG-31. O viario, que xa está en funcionamento, forma parte do “plan sectorial da rede viaria de Ourense e a súa área de influencia”, aprobado polo goberno da Xunta de Galicia en 2013, con Alberto Núñez Feijóo como presidente. Este plan prevía unhas 40 actuacións sobre 135 quilómetros de estradas para, segundo palabras do goberno autonómico, “mellorar a mobilidade co fin de cumprir co obxectivo global de ofrecerlles aos cidadáns unhas infraestruturas viarias de calidade, que lles permitan desprazarse con seguridade, rapidez e comodidade, dentro dun marco de mobilidade sustentable”. Entre as actuacións deste plan figura a denominada ronda este A-52 – A-76 formada por tres tramos, senso o primeiro deles o que xa está en funcionamento. Os tramos restantes, que circunvalan o polígono de San Cibrao e o Parque Tecnolóxico de Galicia creando novos e necesarios accesos ás áreas industriais, non están en obras nin se espera que se poñan en marcha en próximas datas, polo que a infraestrutura construída pola Xunta de Galicia está incompleta e non presta o servizo necesario para unha operatividade óptima. Polo explicado, indica que non están de acordo coa emenda de engádegas presentada polo grupo popular. Por todo o exposto, presentamos a seguinte PROPOSTA DE ACORDO: 1. Instar á Xunta de Galicia á execución completa e integral dos tramos que faltan por levar a cabo da denominada ‘ronda este A52-A76’ incluída no seu plan sectorial da rede viaria de Ourense, e denominada pola consellería ‘vía de conexión da A-52 co Polígono de San Cibrao’. 2. Instar á Xunta de Galicia á execución da parte da infraestrutura que resta por construírse con características de autovía ou vía de alta capacidade, co obxectivo de facilitar a mobilidade e mellorar a conexión entre o polígono industrial de San Cibrao e o Parque Tecnolóxico coa autovía A-52.

1ª intervención de Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, toma a palabra para sinalar que a palabra instar non ten futuro porque non serve para nada. Sobre a moción sinala que se trata de pelexa de partidos políticos e parécelle mal que o grupo do PSOE limite a palabra instar á Xunta de Galicia, e queda en evidencia que estes dous grupos poñen por enriba os intereses dos seus respectivos partidos políticos dos de Ourense e os ourensáns. Ou empezamos a pelexar polos nosos intereses ou estamos acabados, e nos como grupo de DO, instamos a quen faga falla.

1ª intervención de Xosé Manuel Puga González, do BNG, comeza indicando que a quen menos lle importa a provincia de Ourense é precisamente ao señor Gonzalo Pérez Jácome, que xa leva dous plenos nos que se ausenta ao pouco tempo, e ao que parece que o único que lle importa é cobrar a dieta. Ao respecto do plan único sinala que non debemos dar por feito que todo vai ser un xardín de rosas. Entrando xa na moción sinala que o Polígono de Barreiros, que ten máis de cento trinta empresas, e polo que manifestan os propios empresarios, co acceso da N-525 máis ou menos teñen resolto os seus accesos, a expensas de como rematen as obras do AVE. Dentro desa zona o seguinte polígono é o do Pereiro, e dentro dese plan sectorial da rede viaria de Ourense, chama a atención que se fale do enlace coa A-76, que non é máis que unha estrada debuxada nun papel. A nai do diaño é o Polígono de San Cibrao das Viñas, con máis de oito mil traballadores, que no ano 2020 inaugurou ese viario de 4,7 quilómetros. Entende que á política se lle debe aplicar sentido común, e o lóxico sería que esa previsión existise cando se deseñou a A-52 hai máis de vinte anos, e pasaron gobernos do PP e do PSOE. Outro síntoma de que non se aplica o sentido común é que no momento que se fai esa modificación de novo de 4,7 quilómetros e que remata nunha rotonda na N-525, chegara ata o Polígono e non deixala alí rematada. O sentido común tamén nos indica que se debería ter feito un enlace de dobre viario, e non o que se fixo. Respecto das afirmacións feitas na comisión informativa pola alcaldesa de San Cibrao das Viñas que non se trata dunha obra prioritaria non está de acordo, e indica que no Plan Director si figura como prioritario, e hai moitas empresas que opinan que a obra feita é un pouco chapuceira, pola pendente que ten e un só carril de subida. En todo caso para avanzar o lóxico sería ver que ocorre noutros sitios, e para iso vai poñer uns exemplos. No Polígono Industrial de Vimianzo a Xunta de Galicia asinou un convenio co Estado para facer as obras de acceso entre ámbalas dúas administracións, que é o lóxico. No Porto Seco de Monforte a Xunta comprometeuse a facer as obras de acceso, aínda que están pendentes. Na PLISAN, en Salvaterra e As Neves,

fixose o acceso á plataforma loxística coa A-52 cun ancho correcto e catro carrís, e no Polígono de Morás en Arteixo, os accesos foron tamén executados pola propia Xunta de Galicia. Polo tanto, a cuestión danos exactamente igual a quen lle corresponde facer esta obra, que é unha necesidade, e como queremos que se faga, votaremos a favor tanto da moción como da emenda.

1ª intervención de Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, indica que antes de entrar no fondo da moción hai que coñecer un pouco os antecedentes do Polígono de San Cibrán das Viñas. Sinala que este Polígono, de máis de cincuenta anos, e que está rodeado por varios núcleos habitados de poboación, como son por exemplo o de Reboredo ou o de Santa Cruz. Ao mellor podería ter sido unha conexión directa coa A-52, e esa opción estudouse, pero había que tirar varias casas do núcleo de Santa Marta, polo que naquel momento se desbotou esta opción, e ata que se atopou un emprazamento que conectase o polígono da mellor maneira posible e sen ter que derrubar ningunha vivenda. Nos últimos anos conseguíuse que a Xunta executase esa nova conexión entre a A-52 e a A-76, obra que tería que ter feito o Estado, e que está no Plan de Infraestruturas de Transporte e Vivenda do Estado, igual que está no Plan sectorial da Xunta de Galicia, que se denomina ronda leste de Ourense e que lle pertence ao Estado. Engade que non hai ningún tipo de pelexa e hai que instar a que as dúas administracións con responsabilidade neste asunto se involucren en mellorar os accesos ao polígono. A continuación engade que se terxiversaron as súas verbas na comisión informativa, e que ela non dixo que esta actuación non fose demandada, senón que dixo que non era a primeira das demandas dos empresarios. Sinala que aínda esta semana estivo repasando as demandas cos empresarios e estas son, en primeiro lugar, a ampliación do Polígono, para o cal a Xunta de Galicia ten unha partida no seu orzamento. En segundo lugar, a estación de mercadorías, competencia estatal e para a que a Xunta de Galicia ten terreos dispostos para ser cedidos, pero o Estado non quere nin facer un estudo. Respecto á conexión do Polígono, a Xunta ven de captar fondos europeos, facendo unha obra de máis de vinte millóns, e o novo viario está a ser empregado por moitos empresarios, especialmente polos vehículos pesados que circulan cara a Madrid. Como alcaldesa, ela afirma que por suposto que quere esta nova conexión, pero que falando cos empresarios, estes manifestaron estas prioridades, polo que non é a obra máis prioritaria. Remata indicando que deberíamos saír deste debate cun acordo conxunto, polo que debemos instar ás dúas administracións con responsabilidades, Xunta e

Estado, e lembra que a Xunta pediu fondos Next Generation UE para esta ronda leste, e lle foron denegados polo Estado. Por último indica que esta obra é de competencia estatal, polo que a emenda do seu grupo complementa perfectamente a iniciativa política do grupo do PS de G-PSOE.

2ª intervención de Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, comeza indicando que coas intervencións do señor Cachafeiro se lle cae un pouco a moral, porque parece que menospreza o traballo dos demais deputados e deputadas. Sinala que cando se ten un proxecto para un concello, o traballo consiste precisamente en buscar financiamento para el. Neste caso a Xunta de Galicia impulsou e buscou o financiamento da obra do novo viario, e que con esta moción o grupo socialista busca precisamente o mesmo efecto. Se a Xunta de Galicia non asume novamente ese impulso a obra non se vai facer. Non estamos pedindo que financie o cen por cen da obra, pero si que a Xunta sexa a impulsora e tutele esta obra de acceso que consideran tan necesaria. Se se acolle a emenda do grupo popular para que as dúas administracións dilucidan quen debe ser a impulsora, a obra non se fará con total seguridade. A impulsora debe ser a Xunta de Galicia e buscar o financiamento para ela, razón pola que non aceptarán a emenda do grupo do PP, lembrando que o Plan Sectorial da Xunta contempla unha partida anual de vinte millóns de euros para este tipo de obras de infraestruturas, e sinala que as provincias interiores seguen a ser discriminadas pola Xunta de Galicia neste tipo de actuacións.

2ª intervención de Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, sinala que máis ou menos estamos de acordo co BNG nesta moción, e que lle trasladará a pregunta formulada polo seu voceiro ao don Gonzalo Pérez Jácome. Sobre a moción afirma que aprende moito coas intervencións dos deputados e deputadas, pero que son moia aburridas, xa que solta o mesmo “rollo” que se solta nas comisións informativas. Indica que por moito que se traballe, se o que se fai non é práctico, non serve para nada, e cree que debería haber outras formas para conseguir as cousas, porque aquí non somos prácticos.

2ª intervención de Xosé Manuel Puga González, do BNG, comeza indicando que as palabras son importantes sempre que se dean argumentos. Supón que o señor Feijoó non sería o que descubriu que o Polígono estaba rodeado de casas, e pregunta que iluminado ou iluminada fixo as primeiras propostas que tiñan que pasar por Santa Marta. Engade que con este tipo de decisións llo poñen moi sinxelo aos nacionalistas. O problema real é que as cousas se pensan

desde Madrid e non en Santiago. No momento que este país asuma as súas competencias para decidir sobre o seu presente e o seu futuro evítaranse este tipo de problemas, e tan só con que a Xunta asumise as competencias plenas que lle outorga o Estatuto de Autonomía de Galicia en materia de rede interior e de estradas teríamos moito avanzado. En plano construtivo expón que hai unha serie de demandas dos empresarios do polígono como son a EDAR, a estación de mercadorías, a remodelación interior de viarios ou o transporte metropolitano. Este pleno debería facer unha proposta unánime para acoller todas esas demandas dos empresarios e que llas traslademos ás AAPP competentes, engadindo que mentres este país non teña potestade de autogoberno non se poderán resolver cuestións como esta.

2ª intervención de Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, nesta quenda indica que non vai dar resposta ao argumentario nacionalista, xa que non é o obxecto desta moción, e que precisamente o que se pretende é unir e non dividir. Insiste en que ao tratarse dunha conexión entre dúas autovías a competencia é claramente estatal. O grupo socialista non pretende que a Xunta de Galicia sexa a impulsora da obra, senón que a moción fala de “execución completa”, é dicir, que faga a obra, non que a promova soamente. Sendo serios, as competencias respecto das estradas están moi claras na lexislación, e a ronda leste é de titularidade e execución do goberno do Estado, e o grupo popular, respectando a iniciativa da moción do grupo socialista, respecta ás peticións á Xunta de Galicia pero inclúe ao Estado porque é claramente a administración competente. A nosa emenda é perfectamente votable por todos os grupos desta corporación, e senón é así cada un que mire porqué.

Quenda de peche de Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, sinala que a estrada entre a rotonda e a A-52 é de titularidade da Xunta de Galicia, financiada con fondos europeos, foi promovida e executada pola Xunta, e isto mesmo é o que pedimos neste caso. Lembra que a estrada que vai desde o Polígono ao alto de Taboadela agora é de titularidade autonómica para poder facer a rotonda, e se iso se houbese feito antes, evitariámonos esa inxente cantidade de cartos investidos no enlace e porqué se fixo por onde se fixo, e a resposta quizás a atopemos se preguntamos na gasolinera de Rante e nos intereses creados que había para facer o enlace por onde se fixo. Cremos que se aceptamos esta emenda se desvirtúa a moción e o impulso que ten que acoller a Xunta de Galicia.

Intervén o Sr. presidente para puntualizar que todos estamos de acordo na necesidade dese viario, e cree que podemos chegar a un acordo. Na moción dise que se insta á Xunta de

Galicia pero se escribe “executar” non ve cal é o problema en engadir ao Estado, e que logo cada un debe presionar dentro das súas posibilidades, xa que a toda a provincia lle interesa a execución desta obra. Pregunta se non hai problema en aceptar a emenda do grupo do PP xa que non hai ningunha desvirtuación da moción orixinal do grupo socialista.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción coa emenda presentada polo Grupo Popular, e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Instar ao Goberno de España e á Xunta de Galicia á execución completa e integral dos tramos que faltan por levar a cabo da denominada ‘ronda este A52-A76’ incluída no seu plan sectorial da rede viaria de Ourense, e denominada pola consellería ‘vía de conexión da A-52 co Polígono de San Cibrao’.
2. Instar ao Goberno de España e á Xunta de Galicia á execución da parte da infraestrutura que resta por construírse con características de autovía ou vía de alta capacidade, co obxectivo de facilitar a mobilidade e mellorar a conexión entre o polígono industrial de San Cibrao e o Parque Tecnolóxico coa autovía A-52.
3. Instar ao Goberno de España e á Xunta de Galicia e estudar, dentro da colaboración institucional, cal ou cales son as administracións competentes para a realización deste tipo de proxectos.

14º.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á TRAMITACIÓN DA CENTRAL HIDROELÉCTRICA REVERSIBLE CASTRELO DE MIÑO NOS CONCELLOS DE CASTRELO DE MIÑO, A ARNOIA E CARTELLE, PROMOVIDA POLA EMPRESA SAN ISIDRO SOLAR 3 SL E ÁS ACTUACIÓNS QUE DEBE LEVAR A CABO ESTA INSTITUCIÓN PARA PROTEXER OS INTERESES MEDIOAMBIENTAIS, SOCIAIS E ECONÓMICOS DOS GALEGOS E GALEGAS CO CONTROL PÚBLICO DOS RECURSOS NATURAIS DE GALIZA.

O Sr. presidente cédelle a palabra o BNG para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

1ª intervención de Bernardo Varela López, do BNG, Galiza é un país especializado na produción eléctrica. Cómpre recordar que esta especialización foi deseñada e imposta de

maneira absolutamente unilateral por parte do Estado e, de feito, das 45 grandes centrais hidráulicas existentes hoxe, 32 foron impostas durante o franquismo, sen ningún tipo de proceso participativo ou democrático. Desta época é, precisamente, o encoro de Castrelo de Miño, cualificado no seu día por Otero Pedrayo como “feudalismo hidroeléctrico”. Sen avaliar o seu impacto medioambiental, sen ter en conta o impacto económico ou social nin a opinión da veciñanza, anegáronse moreas de terras para xerar electricidade e esta xeración está hoxe en día na súa totalidade en mans privadas, a construción está sobradamente amortizada e non hai un retorno económico directo que compense o impacto social, económico e ambiental. Nestes momentos atópase en tramitación no Ministerio para a transición ecolóxica e o reto demográfico (MITECO) o proxecto de central hidroeléctrica reversible Castrelo de Miño, de 260 MW de potencia de bombeo e 205MW de potencia de turbinación, a súa subestación de transformación, e a súa liñas de evacuación, promovida pola empresa San Isidro Solar 3 SL e que afecta fundamentalmente e de forma directa os concellos de Castrelo de Miño, A Arnoia e Cartelle e, por extensión, á comarca do Ribeiro. Dito proxecto atópase en fase de consultas previas, como paso previo á emisión do Documento de Alcance do Estudo de Impacto Ambiental. Este proxecto, argumentado na necesidade de aumentar a produción renovable e as alternativas de almacenamento enerxético nun contexto de crise climática, non pode verse de forma illada nin sen ter en conta que precisamente a crise climática obriga a repensar o uso dos recursos enerxéticos e a protección da biodiversidade. É necesario continuar avanzando na descarbonización, mais é necesario pensar un novo modelo enerxético galego que teña en conta as nosas necesidades e non só o noso potencial xerador. Debemos lembrar, tamén, que renovable non é inocuo, senón que tamén ten impacto. Neste momento, xunto este proxecto están en previsión moitos outros, que suporían pasar dos case 4.000MW instalados a case 7.000MW cun impacto só comparable ao que supuxo a instalación da hidráulica que xa temos, e que non se está a avaliar de forma conxunta e acumulada, da mesma maneira que está a pasar co boom eólico depredador. Collendo os datos definitivos máis recentes de Red Eléctrica de España, referidos a 2022, Galiza exportou o 40,5% da electricidade xerada. Ademais, do total producido, o 64,8% foi renovable. Isto colócanos como a terceira comunidade do Estado que máis renovable xerou. O ano anterior fomos a segunda, mais hai que ter en conta que 2022 foi un ano protagonizado pola seca e iso fixo que a produción hidráulica baixase. Con todo, seguimos liderando en renovables. Canto á potencia de xeración, o 70,6% é renovable, isto colócanos como a quinta

comunidade con maior cota de tecnoloxías limpas e xa cumprimos os obxectivos europeos para 2030. Temos moito por avanzar mais a conclusión é clara: Galiza contribúe xa decisivamente á loita contra o cambio climático e a un modelo enerxético cada vez máis renovable. Polo tanto, temos marxe e dereito a facer unha planificación adecuada sen que nos impongan outra vez, como no século XX, un modelo alleo ás nosas necesidades e un papel de colonia enerxética no que nós temos os impactos e non os beneficios. Así mesmo, hai que ter en conta que nun contexto coma este, onde cada vez os episodios de seca son máis frecuentes, é necesario facer unha adecuada protección da biodiversidade en xeral e dos recursos hídricos en particular, polo que as cautelas deben ser máximas. Sobre todo tendo en conta precedentes recentes no que as empresas eléctricas Iberdrola e Naturgy, buscando maximizar os seus beneficios e producir máis enerxía máis barata coa hidráulica, nun momento de carestina procederon ao baleirado dos encoros con especial incidencia nos encoros de Cenza, As Portas, Salas e Belesar de Ourense e Lugo e causando unha seria alarma nos de Muíños e Viana, producindo graves consecuencias en polo menos 18 concellos desta provincia. As decisións de hoxe constrúen a Galiza do futuro polo que é o momento de reorientar as políticas públicas a favor dunha visión integral que contemple todas as fontes de enerxía renovable e equilibre os aspectos económicos, ambientais e sociais. É o momento de facer que haxa unha transición verdadeiramente xusta, democrática e descentralizada na que Galiza poida ter máximo beneficio. Para iso, habería que corrixir a anomalía democrática que supón que unha gran parte dos nosos ríos, como os da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, dependan de Madrid, igual que os grandes proxectos enerxéticos, furtando a nosa capacidade de decisión. Así mesmo, sería necesario facer unha planificación global, onde se teñan en conta as nosas necesidades e todas as tecnoloxías e garantir compensación polo impacto da produción cunha tarifa eléctrica galega que nos axude ao desenvolvemento económico e social. As comarcas de Ourense teñen o 50% da gran hidráulica de Galiza no seu territorio e, porén, somos o territorio máis empobrecido do país, coa maior perda de poboación activa e de mocidade, cunha crise demográfica de grande intensidade, cun grande abandono do sector primario, enormes deficiencias nas comunicacións, unha gran crise nos servizos públicos e lideramos todas as estatísticas negativas no económico. Mentres, as grandes eléctricas obteñen millóns de euros dos que apenas queda nada no territorio. Nestes momentos, non podemos permitir que a avalancha de macroproxectos hidráulicos, eólicos ou fotovoltaicos poñan en risco a nosa biodiversidade pola falta de garantías e de planificación. As condicións climáticas desta

parte do país, ademais, fan que debamos prestar atención á protección dos recursos hídricos, mais tamén para evitar que ameacen espazos vitais para a recuperación da fauna e da flora, para evitar a perda de terreo produtivo, perdas patrimoniais, etc. O proxecto sinalado tería, en calquera das súas alternativas de construción, un enorme impacto na mobilización de terras e no seu soterramento, e malia que o informe inicial é xenérico e falto de concreción e cobre unha área de influencia de só dous quilómetros, xa avanza a afectación a especies vulnerables, a hábitats de interese comunitario, a necesidade de construír novas vías, a afectación a recursos hídricos superficiais e subterráneos, o risco de erosión. Así como outras afectacións non sinaladas no documento inicial do proxecto de Castrelo e das que xa alerta a propia veciñanza, que se opón radicalmente, así como outras organizacións, comuneiros, negocios e que mesmo coliden con inversións feitas pola propia Deputación de Ourense no actual encoro de Castrelo de Miño. As afectacións a inversións e os apoios desta institución non coliden por vez primeira vez con macroproxectos de empresas enerxéticas co proxecto de Castrelo, senón que acontece tamén co boom eólico desenvolvido sen unha adecuada planificación e vixilancia pública, baixo unha arquitectura legal obsoleta e sen garantías para a participación social e sen ter en conta as necesidades do país e do territorio e a compatibilidade coas actividades socioeconómicas. Foi o caso do intento de implantación do macroproxecto Tramontana - Mistral - San Martiño e as LAT do Xurés (até Muíños) e a LAT do Larouco (até Cualedro) afectando á practica do parapente na Serra do Larouco, punto referencial a nivel europeo, e no que a Deputación de Ourense ten apoiado con financiación de accesos ás pistas de aterraxe e despegue e que só grazas a evitarse a implantación de aerogeradores e liñas de alta tensión, grazas á oposición social contra este macroproxecto, esta Deputación poderá apoiar o campionato do Estado de Parapente de 2024 na serra do Larouco, organizado por primeira vez por un club galego, o club de parapente de Baltar. Polo tanto, por responsabilidade colectiva, non se pode permitir o avance de macroproxectos que profunden na sobreexplotación dos nosos recursos naturais e en agravar un modelo enerxético que xa é alleo ás nosas necesidades socioeconómicas e medioambientais e que só van empobrecer aínda máis esta parte do país. Por todo o exposto o grupo provincial do BNG de Ourense propón os seguintes acordos para o seu debate en pleno. Acordos 1. Instar aos concellos de Castrelo de Miño, Cartelle e A Arnoia e á Deputación de Ourense a facer pública e comunicar á veciñanza cal foi posición que estas institución trasladaron ao MITECO a respecto do proxecto de Central Hidráulica Reversible na fase potestativa, na que estas institucións se

tiñan que pronunciar e que a veciñanza pediu que se paralizase xa nesta fase. 2. Demandar do goberno central que rexeite a elaboración o documento de determinación do alcance do estudo de impacto ambiental da central hidroeléctrica reversible Castrelo de Miño nos concellos de Castrelo de Miño, A Arnoia e Cartelle promovida pola empresa San Isidro Solar 3 SL para protexer os intereses dos galegos e galegas ante o prexuízo ambiental, económico e social que tería. 3. Instar á Xunta de Galiza a aposta por un novo modelo enerxético galego a partir da elaboración dun Mapa de necesidades e ordenación enerxética onde se planifique que tecnoloxías precisamos e as súas posibles localizacións e que se someta esta planificación a unha avaliación ambiental estratéxica para ter as máximas garantías de protección medioambiental. 4. Instar á Xunta de Galiza a asumir as máximas competencias en materia de enerxía que lle outorga o Estatuto de Autonomía de 1981. 5. Instar á Xunta de Galiza a que demande as debidas competencias para que Galiza Xestione directamente os seu rios e bacías. Co fin último de evitar que empresas eléctricas comprometan os intereses ambientais, económicos e sociais do País e exploten os nosos recursos naturais de costas os intereses das galegas e galegos. 6. Instar á Deputación Provincial de Ourense a remitir as alegacións necesarias e desenvolver cantas actuacións sexan precisas para a paralización do proxecto de central hidroeléctrica reversible e da megabalsa do coto Novelle.

1ª intervención de Armando Ojea Bouzo, de DO, sinala que esta central hidroeléctrica reversible parece unha verdadeira barbaridade por varios motivos. Semella que se trata de facer un encoro nunha zona moi alta, preto de Coto Novelle, para así ganar enerxía coa forte pendente. Anegaría unha bacía amplía de vinte e tres hectáreas dun val entre montes dos concellos afectados. Esa cantidade de auga embalsada a esa altura causaría un gran impacto ambiental, e que parece que o Ministerio está estudando a súa viabilidade, pero calquera se fia cando esa empresa promotora está dirixida por un alto cargo dunha organización empresarial a nivel nacional. Alí se vai afectar á flora, á fauna, ao nivel freático das augas, as calidades químicas da auga, vai ter influencia xeolóxica e outros impactos e riscos. Non sabemos que vai facer o Ministerio ante esta petición dunha gran empresa que non vai a atender ningunha outra consideración, e agardamos que o Ministerio sexa moi rigoroso, porque tampouco creemos que haxa unha ganancia enerxética importante. Chegado o caso de que se autoricen as expropiacións contemplan só medio millón de euros sobre un proxecto de máis de douscentos millóns de euros, polo que agarda que se consigan unhas indemnizacións máis

xustas para os veciños afectados. Sinala por último que votarán a favor desta moción do BNG.

1ª intervención de Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista manifesta que o señor Ojea acaba de “pisarlle” case toda a intervención que tiña preparada. Comeza indicando que segundo a previsión da UE no ano 2050 debíamos estar funcionando só con enerxías renovables. Os xefes europeos fixeron a declaración de Versalles na que se pide o desenvolvemento das enerxías renovables e reducir a dependencia de combustibles fósiles, especialmente os de Rusia. As centrais reversibles de bombeo teñen como finalidade ter unha especie de almacén de enerxía hidroeléctrica, é dicir, que se poida almacenar esta enerxía e sexa unha garantía de dispoñibilidade enerxética. O PSOE entende que o PNIEC do Estado contempla as centrais reversibles de bombeo como unha fonte de almacenamento de enerxía renovable para avanzar na autonomía enerxética. Apoiamos estas liñas xerais sobre estas centrais reversibles e as enerxías renovables. Sobre a central de Castrelo de Miño, obxecto desta moción, indica que a maior parte dos pobos afectados teñen os seus acuíferos nesa zona, e probablemente se verán afectados por esta obra, de executarse. A porcentaxe do orzamento total prevista para as indemnizacións polas expropiacións é de 0,02 por cento do investimento, polo que lle parece unha contía moi mínima. Engade que lle preocupa moitísimo o tema da seguridade, xa que se trata dunha gran balsa de auga a máis de seiscentos metros de altura e con varios pobos situados trescentos metros máis abaixo e a unha distancia de quilómetro e medio. O noso voto vai ser a favor da moción como non podía ser doutra maneira.

1ª intervención de Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, indica que como xa expuxo na comisión informativa, de aceptarse a votación por puntos apoiarían os puntos da moción 1, 2, 5 e 6, e votaría en contra dos puntos 3 e 4. O voto favorable xustifícase porque o sentir da poboación de Castrelo de Miño e dos alcaldes é contrario a esta instalación, polo que se van poñer do lado da veciñanza. O voto en contra, entende que se xustifica porque se pon o foco na Xunta de Galicia cando a competencia, por ser unha instalación de máis de 50 megawatios, é do Estado.

2ª intervención de Bernardo Varela López, do BNG, nesta quenda sinala que estes puntos que non apoia o PP son xustamente os interesantes. Explica que na lei de acompañamento dos orzamentos da Xunta para o ano 2024 vai precisamente a presunción de que as actividades mencionadas, neste caso eólicos, responden ao interese público superior e contribúen á saúde

e seguridade públicas á hora de outorgar os permisos. A realidade é que en 2010 caducaba a concesión dos Peares, e foi prorrogada en 2009 ata o ano 2059. Doce das trece grandes centrais de Ourense superan os setenta e cinco anos de explotación grazas ás prórrogas que se lle teñen dado estes anos, gobernos do PP e do PSOE. A gran pregunta é onde pagan os seus impostos empresas como ENDESA, NATURGY ou IBERDROLA, xa que a auga e o vento están no noso territorio, e semella que iso debería quedar aquí. Pregunta cales son entón os beneficios para a veciñanza de aquí, en que repercuten estas infraestruturas no noso territorio, especialmente no eido económico. O vento e a auga deben beneficiar ao noso territorio. Debemos ter un novo plan eólico galego, xa que o actual é do ano 1997. A central de San Esteban 2, do ano 2013, en que beneficia aos veciños de Nogueira de Ramuín. Esa central, segundo a súa propia páxina web, produce enerxía para o consumo anual de 600.000 persoas, é dicir, produce o dobre do que consumiría a poboación da nosa provincia, e sen que teña ningunha repercusión no territorio. De feito no ano 2021 IBERDROLA deslocalizou o centro de mando que tiña en Valdeorras, en concreto no concello da Rúa. Isto é “un chuleo puro e duro”, e pregunta si aos que non son nacionalistas non lles chama a atención que cando os recursos están aquí, os cartos marchen. Logo, casualidade, conselleiros da Xunta e ministros do Estado acaban sentados nos consellos de administración destas grandes empresas. É unha desvergonza absoluta o que está a acontecer cun recurso fundamental para nós como sería a enerxía, e que deba converterse nun factor diferencial para o desenvolvemento desta provincia e de Galicia. Esta central é un punto máis. Xa teñen alí máis enerxía da que van consumir co encoro de Castrelo de Miño, e a nova nos lles beneficia en absoluto.

2ª intervención de Armando Ojea Bouzo, de DO, efectivamente se trata de empresas cuxa actividade consiste puramente en poñer a man, son case como oligopolios. Estas centrais reversibles son unha forma de almacenar enerxía moi rendible para as empresas. Eu non viviría tranquilo con esa balsa de auga feita cerca do meu pobo e da miña vivenda, todo isto pola gran pendente que existe, como xa se dixo. Sinala que votarán a favor da moción, se ben se absterán no punto relativo ao novo modelo enerxético galego, xa que entenden que non garda relación co obxecto da moción.

2ª intervención de Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, sinala que non ten sentido na moción falar da competencia autonómica da Xunta de Galicia cando é unha competencia estatal e tampouco falar na mesma do plan eólico. Imos apoiar o sentir da veciñanza e dos seus alcaldes para apoiar os puntos indicados da moción.

Quenda de peche de Bernardo Varela López, do BNG, na que indica que existe un vídeo dunha intervención no Parlamento de Galicia de explicación do que é o BNG para dummies, da parlamentaria Olalla Rodil, que explica moi ben quen é o BNG e o que quere ser, polo que lles recomenda que o vexan aos deputados de DO. Sobre a moción e as súas referencias á Xunta de Galicia sinala que se trata de ter unha posición de país neste tema, os recursos naturais deben ser unha fonte fundamental e diferencial para o país, e non o debemos deixar pasar, xa que temos a enerxía no país. Temos que ser quen de tomar man disto e dentro do respecto aos nosos recursos naturais xestionados desde o país.

Intervén o Sr. presidente para sinalar que o PP está en contra desta instalación e apoia aos tres alcaldes populares dos tres concellos afectados que se amosan, xunto coa veciñanza, en contra desta central. Remata indicando que os debates de política autonómica deben darse no Parlamento de Galicia e non aquí.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 14º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 14º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación por separado cada punto dos acordos propostos na moción, co seguinte resultado:

Puntos 1º, 2º, 5º e 6º aprobados por unanimidade. O punto 3º é rexeitado ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (6) e do BNG (3), o voto en contra do Grupo Popular (12) e a abstención de DO (2) e o punto 4º tamén é rexeitado ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (6), do BNG (3) e de DO (2) e o voto en contra do Grupo Popular (12).

Como consecuencia da anterior votación o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar aos concellos de Castrelo de Miño, Cartelle e A Arnoia e á Deputación de Ourense a facer pública e comunicarlle á veciñanza cal foi a posición que estas institucións lle trasladaron ao MITECO a respecto do proxecto de Central Hidráulica Reversible na fase potestativa, na que estas institucións se tiñan que pronunciar e que a veciñanza pediu que se paralizase xa nesta fase.

2º.- Demandar do goberno central que rexeite a elaboración do documento de determinación do alcance do estudo de impacto ambiental da central hidroeléctrica reversible Castrelo de Miño nos concellos de Castrelo de Miño, A Arnoia e Cartelle promovida pola empresa San Isidro Solar 3 SL, para protexer os intereses dos galegos e galegas ante o prexuízo ambiental, económico e social que tería.

3º.- Instar á Xunta de Galiza a que demande as debidas competencias para que Galiza xestione directamente os seu ríos e bacías, co fin último de evitar que empresas eléctricas comprometan os intereses ambientais, económicos e sociais do País e exploten os nosos recursos naturais de costas os intereses das galegas e galegos.

4º.- Instar á Deputación Provincial de Ourense a remitir as alegacións necesarias e desenvolver cantas actuacións sexan precisas para a paralización do proxecto de central hidroeléctrica reversible e da megabalsa do coto Novelle.

15º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA MITIGAR OS EFECTOS DO CAMBIO CLIMÁTICO NA COLLEITA DE CASTAÑA ENTRE PRODUTORES DO ORIENTAL OURENSÁN.-

Trala ratificación previa por unanimidade da inclusión do asunto na orde do día, o Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

1ª intervención de Marina Vaz Quintillán que comeza agradecendo a asistencia a esta sesión de representantes do sector da castaña, como son produtores, transformadores e o presidente da IXP e pola importancia que ten pretender cederlle a palabra nesta primeira intervención a José Manuel Guerra, presidente da Asociación da Castaña da Gudiña,

José Manuel Guerra, presidente da Asociación da Castaña da Gudiña, comeza a súa intervención indicando que ven representando ao sector, especialmente aos produtores de castaña, que nos últimos anos están a padecer unha preocupante situación. Sinala que nos últimos anos diferentes enfermidades e pragas están afectando aos nosos castiñeiros, sendo as máis representativas o chancro ou a antragnose, así como o gorgollo, e outros problemas como a avispiña ou o sileborus. Temos a necesidade de continuar tratamentos e estudos sobres estas enfermidades e pragas e máis persoal preparado para facerlles fronte. O que necesitamos é un maior apoio neste senso das AAPP. A situación actual de transformadores e de pequenas empresas encargadas da transformación da castaña está a atravesar un momento crítico. Os niveis da produción baixan de xeito considerable ano tras ano ata chegar a este ano cunha perda considerable de entre o 70 e o 80 por cento da produción habitual. Temos un problema que levamos arrastrando máis de dez anos e que cada ano supón unha perda tanto na cantidade, como na calidade como no valor engadido do produto. Cada vez hai menos produto

e de peor calidade. Temos a terra, as árbores e a climatoloxía, polo que temos todo para ter un produto de calidade. A maioría de produtores estamos apostando por variedades de castaña tradicionais, as que levan toda a vida e nos deixaron os nosos avós e os nosos pais, e todas están entre as mellores variedades de castaña así consideradas pola IXP. Nas nosas zonas de montaña, zonas moi desfavorecidas en todos os aspectos, nunha cousa que temos moi boa, estamos a ter este tipo de problemas. O produtor necesita cultivar árbores do país, árbores autóctonas, e ter así variedades autóctonas, que deberían ser enxertadas sobre patróns nosos. As plantas que estamos a empregar son as que nos facilitan os viveiros, todos eles emprazados nas provincias de Pontevedra e A Coruña, e case todos eles ao nivel do mar, e presentan unha incompatibilidade moi grande cando se suben por enriba dos seiscentos metros, como é o noso caso. Os produtores necesitamos viveiros próximos ás nosas zonas de plantación, que nos faciliten unha planta de calidade e adaptada á nosa zona de plantación. Estamos a estudar o castiñeiro non a nivel de cultivo e traendo variedades foráneas que esmagan a calidade do noso produto. Necesitamos axudas reais aos produtores e que veñan ao minifundio, e sempre con variedades autóctonas e adaptadas ao territorio. Debemos por en valor os soutos tradicionais e preservar o que temos. Debido ao abandono, debemos renovar os soutos existentes e para isto son precisas liñas de axuda para traballos de recuperación, e para isto necesitamos medios, pola situación de envellecemento do noso rural. Somos conscientes que contra o clima non podemos loitar, e téñennos que botar unha man porque son todo perdas e non se lle ven beneficios a esta situación. Necesitabamos que se nos dea solución e que nos proporcionen planta tradicional que nos permita continuar, necesitamos axudas, axudas como as que se lles están prestando a outros sectores primarios de produción.

1ª intervención de Xosé Manuel Puga González, do BNG, sobre a importancia deste sector xa está case todo dito, pero convén lembrar que Galicia é a principal produtora dentro do Estado español, se ben cada ano está baixando a produción. É unha actividade económica moi importante para moitas familias, tanto como renda principal como complementaria. Sería un privilexio que esas zonas teñan un desenvolvemento económico como correspondería. A afectación este ano é enorme e os problemas cos fungos e enfermidades son unha cousa moi seria, lembrando que hai que darlles medios ao persoal técnico para loitar contra eles. Outro problema que incide é o dos lumes. E hai outro, que é o desgraciado abandono do medio rural, ante que a Xunta de Galicia, que ten todas as competencias agrarias, non está a actuar.

Deberíamos abstraernos desta situación concreta, porque a solución non vai vir por parches, senón que debe mudarse o concepto, xa que castaña está considerada dentro do sector forestal e debería estar dentro do sector de froitas e hortalizas. De ser así habería outros instrumentos dentro da PAC, e poder ter acceso a axudas. Así, no pago básico, hai unha parte moi importante de axuda redistributiva a agricultores novos e hai unha parte que é a dos ecoesquemas nas que non pode entrar o sector da castaña porque a Xunta de Galicia non quixo incorporala como un ecoesquema dentro das axudas da PAC. En canto ás axudas do pago asociado o único que se contempla é o pago ao oliveiral, pero non se contempla á castaña. Deberíamos afrontar como un tema fundamental o sector da castaña pero dentro da definición da PAC 2023-2027, xa que a única posibilidade agora é formular unha alternativa concreta para este sector. Anunciamos, para o grupo proponente da moción, que dos catro puntos da proposta, apoiamos tres, pero o cuarto, no que se expón que a Deputación financie axudas, que non compartimos, porque sería unha achega cativa, sería para poucos produtores e porque a Deputación está para cooperar cos concellos e estes valorar a que destinar eses fondos, polo que expoñen que a votación sexa por puntos das propostas de acordo da moción.

1ª intervención de José María Lago Cabo, do Grupo Popular, comeza a súa intervención indicando que a análise que fai do sector José Manuel a comparte ao 99 %, e que en todo caso as perdas nalgún caso son maiores a ese 80 por cento que se citou. A Deputación de Ourense está a adoptar medidas e a facer estudos desde que o INORDE asumiu novamente o Centro Agroforestal de Riós fai escasos seis meses. Sobre a necesidade de viveiros cerca das zonas de produción sinala que se debe estudar e os concellos de Riós, A Mexqujita e a Gudiña levaban unha proposta de plantación en altitude nun programa do POCTEP que aínda non foi resolto. O principal problema do sector é o envellecemento e que a xente non está dada de alta, xa que produtores que declaren a castaña somos tan só 129 en Galicia, polo que debemos consideralo un sector non regulado. Debemos ir cara á profesionalización do sector. Respecto ás liñas de axuda indica que está aberta a orde como se explicou na mesa da castaña e que o INORDE tamén pediu un proxecto europeo de fondos Nect Generation UE, onde unha das súas liñas é a do estudo dos soutos tradicionais e a súa afectación ante pragas e enfermidades. Remata indicando que ao igual que o BNG, apoiarán os tres primeiros puntos da moción pero non a cuarta, xa que non corresponde a esta Deputación implementar este tipo de axudas.

2ª intervención de Marina Vaz Quintillán, do Grupo Socialista, sinala en primeiro lugar que si van aceptar a votación por puntos que solicitaron os outros grupos. A moción do seu grupo explica que a pesar das boas expectativas do sector tras concatenar seis anos de malas colleitas motivadas por distintos factores (a seca en 2022, a antracnose do castiñeiro no 2021, o impacto da avispiña Dryocosmus en 2020, 2019 e 2018, e unha combinación de seca e xeadas no 2017), os produtores ourensáns de castaña prevén unha caída importante da produción para a campaña en curso. Profesionais e expertos apuntan ao cambio climático e ás elevadas temperaturas destas últimas semanas, nada usuais nesta época do ano, como a causa de que, a mediados de outubro, os castiñeiros perdan xa as súas follas e os ourizos se desprendan antes de tempo, esganando o produto e a esperanza dunha boa colleita. Alén das altas temperaturas que provocan unha caída anticipada do froito en concellos como O Bolo, Manzaneda e Viana do Bolo, en soutos doutros concellos do oriental ourensán, onde se concentra o grosso da produción na nosa provincia, os produtores tamén alertan dun elevado número de castiñeiros afectados pola enfermidade da antracnose. É o caso que se reproduce nos soutos de concellos como A Mezquita, A Gudiña e Riós, por citar algúns exemplos, onde as abundantes choivas de hai algunhas semanas unidas ás altas temperaturas de posteriores días xeraron un caldo de cultivo ideal para o auxe deste fungo, dando tamén ao traste coa expectativa dunha boa apanha de castaña neste 2023. Malia o pesimista estado de cousas, Ourense confórmase como líder no Estado español e en Europa na produción de castaña. Con 100.421 toneladas colleitas en 2022, e a pesar da caída durante o último lustro polo efecto de sucesivos andazos, seguimos a ser a provincia que máis produce, sendo de orixe ourensán o 58% do total da colleita española. A produción dos soutos eríxese coma un recurso fundamental para as comarcas da montaña de Ourense, nomeadamente afectadas polo despoboamento e abandono rural, onde a castaña supón unha importante inxección económica para cooperativas e empresas, pero tamén coma complemento ás rendas das familias e pensionistas do rural. Diante do peso específico da castaña na provincia, as súas fondas implicacións socioeconómicas e diante o impacto que a dramática situación que atravesan os soutos supón para o sector, que inclúe non só a produtores, senón tamén a almacenistas e empresas de transformación; é preciso que se dispoñan as medidas oportunas para manter as condicións da relevancia de tan singular produto no oriental ourensán. O máis urxente pasa por axudar aos actores máis vulnerables pola caída no volume das colleitas, sendo ineludible un diagnóstico sobre as razóns exactas no descenso dos continxentes recolleitos en cada

comarca e acadar a certeza científica da orixe do problema. As autoridades competentes en sanidade forestal deben de aconsellar aos produtores para a toma de medidas inmediatas que poidan reducir o futuro impacto ou a repetición dos problemas na próxima tempada, como a recollida e retirada de follas e ourizos para evitar vectores de transmisión e, se fose preciso, habilitar tratamentos preventivos en futuras campañas. Tamén é preciso que as autoridades concernidas incorporen ao castiñeiro e as súas patoloxías nas alertas fitosanitarias periódicas, con recomendacións de tratamentos, dispoñendo de liñas de axudas que permitan o despregue das medidas axeitadas, amais de prever axudas directas aos produtores para compensar as perdas. Por todo o exposto, presentamos a seguinte PROPOSTA DE ACORDO: 1. Que a Deputación de Ourense se poña abertamente do lado do sector para garantir o futuro da actividade e inste á Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia á aceleración da posta en marcha dun plan integral para a revitalización dos castiñeiros do oriental ourensán que contemple un estudo en profundidade para a diagnose dos motivos da continuada caída da produción nas comarcas produtoras, chegando a establecer as orixes certas do problema (patoloxía por fungos, praga, déficit hídrico ou unha mestura destas causas). 2. Que a Deputación de Ourense inste á Xunta de Galicia a promover, incentivando a colaboración entre universidades galegas e os diferentes actores do sector da castaña, a investigación de solucións adaptadas ás condicións de cada comarca que inclúa a selección de variedades de produto resistentes á seca e ás altas temperaturas, así como fórmulas que permitan o enxertado seguro de árbores máis resistentes aos andazos. 3. Que a Deputación de Ourense inste á Xunta de Galicia á adopción urxente de axudas directas ao sector da castaña do oriental ourensán para que produtores, almacenistas e empresas de transformación, entre outros actores afectados, sexan quen de facer fronte ás perdas da presente campaña, así como a activación de liñas de subvención para que se apliquen nos soutos medidas fitosanitarias precisas para paliar os efectos de patoloxías, pragas e déficits hídricos. 4. Que, sen ir en detrimento das achegas que poda establecer para o sector a Xunta de Galicia, a Deputación de Ourense contemple a adopción de axudas directas a aos diferentes actores afectados do sector da castaña do oriental da nosa provincia e/ou a transferencia das contías necesarias aos concellos máis directamente implicados para a creación de programas acaídos a cada zona dirixidos á loita e prevención dos vectores na orixe da continuada baixada da produción nos soutos.

Engade que hai empresas que apostaron polo noso rural, que senón reciben axudas inmediatas, van a ter que pechar e precisan axudas directas e inmediatas. Non falamos de algo a longo prazo, que son compatibles, pero o urxente é agora axudar a estes produtores. Sinala que non quere lembrarse no Proxecto Castaña do ano 2008, que obtivo fondos europeos para plantación de oliveiras e castiñeiros, e que no concello de Vilardevós se tiñan que plantar mil cincocentos oliveiras e non queda ningún, e nos caso das plantacións de castiñeiros no pobo de Pedroso quedaron abandonados aos catro anos. Non precisamos campañas de publicidade, senón que cheguen as axudas a esta xente, porque senón nos imos a cargar este sector, que ademais se empraza en concellos coa renda máis baixa de Galicia, como son Riós, A Mezquita ou Vilardevós. Unha proposta interesante é que se a xente ve que reciben axudas os que se dan de alta, é unha forma de conseguir que a xente regularice a súa situación, e é unha forma de educar e de profesionalizar a este sector.

1ª intervención de Armando Ojea Bouzo, de DO, sinala que a conclusión do seu grupo é similar á dos grupos do BNG e do PP. E absteranse na votación do punto cuarto. Está claro que o sector precisa axudas, pero a Deputación non parece ser a administración competente. Debemos instar á Xunta de Galicia a que asuma as súas competencias, se ben é certo que a Deputación provincial ten dado axudas similares a outros sectores. Nas próximas eleccións autonómicas ao mellor DO, se acada representación, lle recordaremos á Xunta de Galicia as súas competencias pero xa desde o Parlamento de Galicia. Dito isto, reconece que é moi complicado articular estas axudas a un sector que non está regulamentado, como xa se dixo.

2ª intervención de Xosé Manuel Puga González, do BNG, nesta segunda quenda sinala que a Consellería de Medio Rural non tería que coller as competencias porque xa as ten, o que debe facer e exercelas. Insiste na importancia dun Plan para o sector, que contemple medidas a medio prazo e a curto prazo, xa que hai que actuar ante problemas concretos e puntuais, e hai unha serie de produtores que cobran as axudas da PAC e a propia Consellería ten un rexistro de industrias agrarias nas que teñen que estar rexistradas as industrias de transformación e comercialización da castaña, polo que a través desa vía, pode habilitar un plan de emerxencia para poder chegar a todos eles. O grupo parlamentario do BNG xa está traballando nestas vías no Parlamento de Galicia e presentará unha iniciativa neste sentido.

2ª intervención de José María Lago Cabo, do Grupo Popular, fai uso da palabra para facer dúas matizacións. En primeiro lugar sinala que deberían adherirse á rede estatal dos castiñeiros

para poder presentar unha iniciativa a nivel de todo o Estado e tentar captar fondos europeos. En segundo lugar sinala que cree que o castiñeiro xa está na PAC como agrícola desde o ano pasado, ou polo menos a solicitude de inclusión, que se fixo desde a IXP Castaña de Galicia.

Quenda de peche de Marina Vaz Quintillán, do Grupo Socialista, sinala que queren trasladar a necesidade dun plan da castaña integral, que aposte por este sector prioritario e dote dos recursos necesarios a produtores, transformadores, almacenistas e empresas vinculadas ao sector, e non podemos permitir que as empresas teñan que botar o peche e os nosos veciños perdan as súas rendas complementarias, e que as familias que apostan polo rural poidan seguir vivindo nas súas zonas. Remata indicando que o grupo parlamentario do PS de G-PSOE tamén está a presentar iniciativas similares no Parlamento de Galicia.

Intervén o Sr. presidente para dicir que todos estamos de acordo nos tres primeiros puntos e respecto ao cuarto indica que non deixa de ser un pouco populista porque non se precisan nin as contías das axudas nin os potenciais beneficiarios, e que en todo caso debemos insistir en que cada administración asuma as súas propias competencias.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 15º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 15º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción por puntos, co seguinte resultado:

Puntos 1º, 2º e 3º aprobados por unanimidade. Punto 4º é rexeitado ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (6), o voto en contra do Grupo Popular (12) e a abstención de DO (2) e do B NG (3).

Como consecuencia da votación anterior o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Que a Deputación de Ourense se poña abertamente do lado do sector para garantir o futuro da actividade e inste á Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia á aceleración da posta en marcha dun plan integral para a revitalización dos castiñeiros do oriental ourensán que contemple un estudo en profundidade para a diagnose dos motivos da continuada caída da produción nas comarcas produtoras, chegando a establecer as orixes certas do problema (patoloxía por fungos, praga, déficit hídrico ou unha mestura destas causas).

2. Que a Deputación de Ourense inste á Xunta de Galicia a promover, incentivando a colaboración entre universidades galegas e os diferentes actores do sector da castaña, a investigación de solucións adaptadas ás condicións de cada comarca que inclúa a selección de variedades de produto resistentes á seca e ás altas temperaturas, así como fórmulas que permitan o enxertado seguro de árbores máis resistentes aos andazos.

3. Que a Deputación de Ourense inste á Xunta de Galicia á adopción urxente de axudas directas ao sector da castaña do oriental ourensán para que produtores, almacenistas e empresas de transformación, entre outros actores afectados, sexan quen de facer fronte ás perdas da presente campaña, así como a activación de liñas de subvención para que se apliquen nos soutos medidas fitosanitarias precisas para paliar os efectos de patoloxías, pragas e déficits hídricos.

16º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se presentan.

17º.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.-

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao Pleno da relación de decretos do mes de setembro de 2023.

Os membros da Corporación quedan informados.

18º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

Diego Fernández Nogueira, do Grupo Socialista. Nos últimos anos insistimos na necesidade de acometer as melloras necesarias para a seguridade de vehículos e peóns na estrada provincial OU-0303 Valdepereira-Maside. Ademais, en numerosas ocasións os gobernos provinciais anteriores afirmaron, en pleno, que xa estaban a traballar no tramo que corresponde á zona da Friela, en Maside, onde se está a abrir a estrada. Varias veces a Deputación foi marcar a vía, pero non acometeu os arranxos necesarios para evitar unha posible desgraza, pois o movemento de terras e o deterioro é evidente. Tamén existía o compromiso da creación de beirarrúas e os sistemas de seguridade viaria necesarios recomendados polos técnicos, pois ademais do perigo de derrubamento, está o da seguridade

de peóns e vehículos ao ser unha zona moi transitada que ademais enlaza coa AG-54. ¿Existe xa algún expediente sobre esta necesaria e comprometida actuación? ¿Serán estas obras de mellora unha actuación prioritaria a realizar con urxencia pola Deputación Provincial?

O Sr. presidente dá conta do informe da directora da Área de Infraestruturas, que di o seguinte:

“PRIMEIRO: Corrección de erro na pregunta formulada. Trala última modificación do catálogo de estradas da Deputación de Ourense, aprobado polo Pleno da Deputación o 26/02/2021 (BOP nº 54, 8/03/21), a denominación da estrada provincial que discorre pola zona da Friela en Maside é OU-0359 Ramal de acceso a Maside (Glorieta AG54-Rúa Principal); o trazado da OU-0303 Val de Pereira (OU-211) – Maside (AG-54) remata no acceso á glorieta da AG54 dende Valdepereira. SEGUNDO: Sobre se existe algún expediente sobre esta actuación. Revisado o xestor documental myTao consta na área de Infraestruturas unha única petición do concello de Maside ao respecto do asunto de referencia entre xaneiro de 2018 e a data actual. Esta solicitude, cursada a través do rexistro da Deputación de Ourense o 26/09/2019, deu lugar á apertura do expediente 2019/10715V de dereito de petición. Con data 8/01/2020, por resolución núm. 2020/0140 da presidencia, informouse que a obra solicitada era tecnicamente viable, e que a súa execución estaba condicionada á inclusión da mesma nun plan da Rede Viaria que a dotase do investimento necesario. TERCEIRO: Relativo a se serán estas obras de mellora unha actuación prioritaria a realizar con urxencia pola Deputación provincial. Non está previsto acometer con urxencia as obras de mellora solicitadas porque non contan con financiamento. Ao respecto cabe dicir que non existen datos obxectivos que reflexen un problema coa seguridade viaria prioritario nesta estrada que precise unha solución urxente. Segundo a información estatística que obra na base de datos da Garda Civil ARENA 2, a OU0359 soportou un total de dous accidentes: o 1/1/17 (201732045000001) e o 12/02/18 (id: 201832045000008) entre o 1/01/2017 e a data actual. Ningún deles tivo como factor concorrente o mal estado da vía, sendo o factor humano (condución negligente, distraída e/ou velocidade inadecuada) a causa dos mesmos. Polo tanto non parece existir ningún problema de seguridade viaria atendendo á información sobre a accidentalidade. Ao respecto da intensidade media de circulación, e segundo os últimos datos de aforo na estación de cobertura 1063, a tendencia da intensidade de vehículos neste treito é decrecente. En todo caso, a actuación solicitada polo concello de Maside en setembro de 2019 melloraría a situación existente, especialmente para os usuarios mais vulnerables (os peóns). Esta proposta ten sido incluída no plan complementario da rede viaria provincial dende o ano 2020, sen

que ata a data actual o Pleno aprobase a súa inclusión no plan principal da rede viaria. Compre subliñar que a rede provincial ten unha lonxitude próxima aos 1.850 quilómetros e que as actuacións necesarias en materia de seguridade viaria, conservación e mantemento superan os recursos económicos asignados”.

Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, dá lectura á pregunta que formulara o seu compañeiro Sr. Gómez Pérez (ausente na sesión), co seguinte contido: José Ignacio Gómez Pérez. Nos orzamentos desta Deputación Provincial do pasado ano 2023 estaba recollida unha subvención nominativa a favor do Concello de Ribadavia por importe de 263.000 euros para a execución da obra “abastecemento e saneamento na Grova e As Chavolas”. Esta actuación contemplaba un convenio onde a Xunta de Galicia poñía unha partida económica igual á achega da Deputación. ¿Cando se vai formalizar o convenio indicado coa Xunta de Galicia? ¿Cal é a data prevista para o inicio destas urxentes e necesarias obras de abastecemento e saneamento nos pobos da Grova e As Chavolas?

O Sr. presidente responde que en canto á formalización do convenio aínda non temos pechada a data de sinatura do referido convenio, pero agardan que sexa o antes posible. Unha vez asinado o convenio coñeceranse os detalles. O propio convenio recollerá as obrigas das partes, así como os detalles do procedemento de licitación, adxudicación, execución e recepción das obras, como ocorre en todos os convenios de obra que se asinan entre administracións públicas.

Diego Fernández Nogueira, do Grupo Socialista. Ao longo deste ano recolleemos numerosas queixas sobre deficiencias no servizo de recollida de animais por parte da Deputación de Ourense, que é sufragado polos concellos. Unha vez que se realiza a chamada, os laceiros tardan en moitos casos máis de 24 horas, o cal supón un claro risco para os animais e tamén para as persoas, desde ataques ata problemas graves nas estradas. Ademais, os concellos desta provincia que teñen externalizado este servizo non dispoñen dos medios necesarios, por poñer un exemplo, un vehículo acondicionado para o transporte de cans. Por estes motivos, preguntámoslle ao presidente se o novo goberno vai poñer os recursos necesarios para poder prestar un servizo de forma correcta?

O Sr. presidente dá conta do informe redactado polo director da Área de Medio Ambiente, co seguinte contido: “A Rede Provincial presta os seus servizos a 83 concellos da provincia que teñen a competencia delegada ó abeiro do convenio marco de colaboración entre a Deputación e os concellos publicado no B.O.P.do 04/01/2013. Se ben os concellos fan unha achega económica prevista na ordenanza fiscal reguladora do convenio de 1,00 euro/habitante/ano, a cantidade aportada supón arredor dun 22 % do custo total de funcionamento da Rede, aportando a Deputación o 78% restante. Así, en 2022, dun custo total estimado do servizo de 714.519, 42 euros, os concellos aportaron 158.313.00. Non se trata polo tanto dun servizo custeado por os concellos como se afirma no texto da pregunta, senón cofinanciado entre estes e a Deputación. Para a recollida de animais abandonados temos disposto un operativo que funciona 24 horas 365 días. Aínda así, tendo en conta a dispersión xeográfica da provincia de Ourense (Hai concellos nos que actuamos separados por máis de 150 km e 2h30’ de desprazamento) e o carácter imprevisible das actuacións, e doado entender que non en todas as ocasións é posible actuar con inmediatez. Co fin de mellorar o tempo de resposta, temos operativos vehículos nos centros de acollida de Xinzo de Limia, A Baixa Limia e Valdeorras que son utilizados polo persoal do centro nos casos en que ao equipo de lacería non lle é posible actuar coa rapidez necesaria. Especialmente no caso de Valdeorras, por obvios motivos xeográficos, este vehículo realiza a maioría das recollidas. Cando se recibe aviso, proveña este de concellos ou de particulares, o operativo de lacería contacta telefonicamente co interesado de maneira inmediata, para coñecer polo miúdo a situación e, en función da urxencia estimada, acordar a recollida inmediata ou fixar unha hora estimada para a actuación. Hai un bo número de actuacións que non son en absoluto urxentes ou requiren actuacións previas (animais de captura difícil por atoparse en campo aberto, entrega de animais de particulares que requiren xustificación documental, etcétera) ou son incluso demoradas polos usuarios por conveniencia horaria. Tamén cabe sinalar que, aínda que estamos operativos 24 horas, as actuacións nocturnas tratamos de limitalas a casos realmente urxentes, por motivos de seguridade para os traballadores e mesmo para os animais. En resumo, a gran maioría das recollidas e, desde logo, o 100% das consideradas urxentes, que se fan de maneira inmediata, efectúanse nas primeiras 24 horas tralo aviso e cando se pospoñen é case sempre debido a algún motivo alleo ó servizo, como os máis arriba sinalados. Non coñecemos ningún caso en que os animais pendentes de

recollida foran protagonistas de ataques a persoas ou causasen accidentes nin ningún tipo de problema no período comprendido entre o aviso e a recollida. Por outra parte, a Rede Provincial dispón de vehículos e equipamentos necesarios para levar a cabo o servizo e en ningún caso se lles pide aos concellos que aporten equipamento nin dispoñan de instalacións de ningún tipo como parece desprenderse do texto da pregunta. Sorprende coñecer por esta pregunta que hai queixas ou descontento coa actuación ou, mellor dito, co tempo de reacción do servizo nas recollidas, cando en 10 anos de funcionamento de servizo non recibimos ningunha queixa nin observación neste sentido. Tampouco nas 9 sesións da Comisión de Seguimento do convenio celebradas ata a data se teñen manifestado queixas neste sentido; máis ben ó contrario, se nos ten felicitado repetidamente pola eficiencia observada. Con todo, agradeceríamos moito que calquera queixa ou consideración sobre o funcionamento da Rede Provincial, especialmente se provén dos concellos, se nos faga chegar directamente para que poidamos estudala e, se é necesario, levar a cabo as actuacións oportunas para mellorar o servizo todo o que sexa posible”.

María Mangana Guede, do BNG. O pasado 17 de outubro formalizouse a subministración de material necesario para equipar 40 postos de usuario (ordenadores portátiles, monitores, ratos e teclados) da Deputación Provincial de Ourense. O informe técnico, no punto 3 de valoración xustificacións das ofertas especialmente baixas, recolle o seguinte a respecto da empresa seleccionada *“tal y como se recoge en el acta de apertura de las ofertas económicas, la propuesta del licitador SERTECO OR, SL, estaría en el supuesto de baja anormalmente desproporcionada”* e que se entende xustificada unha vez analizada a documentación requirida sobre custos e marxes de beneficio. Porén non podendo acceder ás características técnicas dos equipos ofertados por SERTECO OR, SL, preguntamos: 1 ¿Cumplen todos os equipos ofertados por SERTECO OR, SL, con todas as características técnicas sinaladas no prego de prescricións técnicas particulares do procedemento aberto para a contratación do material necesario para equipar postos de usuario (ordenadores portátiles, monitores, ratos e teclados) da Deputación de Ourense? 2 ¿Todos estes equipos están equipados con conexión sen fíos Wireless Wi-Fi 6 (802.11ax) integrada, como figura no PPT? 3 ¿Pódese facer público e trasladar ao grupo do BNG as características técnicas dos equipos ofertados por SERTECO OR, SL?

O Sr. presidente dá conta do informe emitido polo director da Área de Transparencia, co seguinte contido: En relación co cumprimento das características técnicas recollidas nos pregos, segundo a oferta, todos os equipos cumpren cos requisitos técnicos do PPT. Ben é certo que o citado cumprimento pode implicar adaptar a configuración coa que veñen de fábrica estes equipos, en elementos como sistema operativo, memoria ou disco. Cabe dicir que aínda non se recibiu a totalidade dos equipos e, polo tanto, aínda non se procedeu a asinar a acta de recepción certificando este cumprimento. En canto á conexión sen fíos, segundo a folla de especificacións dos equipos ofertados, cumpren co estándar Wifi 802.11ax. Con respecto ás características técnicas dos equipos, a configuración de fábrica pode comprobarse no seguinte enlace: <https://www.acer.com/eses/laptops/travelmate/travelmate-p2/pdp/NX.VQAEB.006> Do mesmo xeito achega a oferta presentada polo adxudicatario, na que se enumeran certas características técnicas dos equipos.

María Mangana Guede, do BNG. ¿Que postura ten pensado adoptar o goberno provincial sobre os parques comarcais de emerxencia? ¿A que se comprometeu o Sr. presidente da Deputación Provincial de Ourense cos sindicatos na manifestación dos bombeiros do pasado día 23 de outubro?

O Sr. presidente responde que cas catro deputacións provinciais e a Xunta de Galicia están dialogando e negociando co colectivo para chegar a un acordo conxunto para todos os parques comarcais. Di que se comprometeu e escoitalos e trasladar as súas reivindicacións e a dialogar e negociar como única vía posible para chegar a acordos, condenando rotundamente o uso da violencia. Fan reivindicacións inasumibles.

Xosé Manuel Puga González, do BNG, amosa a súa desconformidade co presidente no manifestado sobre as pensións de que Galicia recibía máis do Estado para pagalas. Recomenda un informe que fixo Xosé Días, economista, porque a balanza fiscal con respecto a Galicia aínda é negativa, xa que hai que ter en conta onde pagan os impostos as empresas (fan o negocio aquí pero pagan en Madrid). O retorno dos impostos que aquí pagamos non ven en caixa en execución orzamentaria. Despois esta matización pregunta ¿cales van ser os criterios e os prazos que o actual goberno provincial ten previsto establecer para a elaboración dos orzamentos provinciais de 2023?

O Sr. presidente di que se está traballando na elaboración dos orzamentos para 2024, que se tratarán a finais de novembro para que estean vixentes en xaneiro.

Bernardo Varela López, do BNG. A Deputación forma parte do accionariado do COB e polo tanto o club de baloncesto ourensán usa fondos públicos para parte do seu funcionamento. A retribución do *speaker* durante os partidos que se xogan no Pazo Provincial, forma parte desta achega económica. Vimos notando que o idioma usado durante os partidos do COB é o español. Tendo en conta que o idioma galego é cooficial no noso país e sendo a Deputación quen o financia, é o idioma galego o máis acaído para estes eventos. Roga que se lle traslade ao *speaker* a conveniencia do uso do galego nas súas intervencións durante os partidos que se celebren no Pazo.

O Sr. presidente toma nota e manifesta que se dará traslado do rogo formulado.

María Mangana Guede, do BNG. A entrada en vigor da Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar animal, provoca que moitos concellos á hora da súa aplicación non teñan un procedemento común cara os animais domésticos abandonados e/ou da rúa, especialmente no que se refire aos gatos e gatas que forman parte nas numerosas colonias espalladas por toda a provincia (que agora en moitos casos se di que non teñen dono, cando levan anos sendo alimentadas pola mesma persoa ou persoas). É por isto que facemos os seguintes rogos: A elaboración, por parte do Servizo de Medio Ambiente da Deputación Provincial dunha “guía de actuación” que sirva de referencia aos concellos sobre como actuar nas distintas situacións que se presenten a este respecto, especialmente no que atinxe ás colonias felinas. Que se informe desde a Deputación aos concellos de cales son os servizos que ofrece a sinatura do convenio das canceiras da Deputación Provincial cos concellos, tanto ao respecto de cans como dos gatos.

O Sr. presidente toma nota e trasladará os ditos rogos ao Servizo de Medio Ambiente.

María Mangana Guede, do BNG. Ante o notable aumento da avespa velutina, e por ende un prexuízo máis que evidente para apicultores e apicultoras da Comunidade e especialmente para os/as profesionais da nosa provincia. Este ano a colleita de mel viuse enormemente reducida e segundo os profesionais do sector fan a avespa velutina responsable desta mingua na produción, posto que abellas comúns non saen practicamente da colmea por temos a ser comidas polas velutinas e o pouco mel que elaboran úsano para a súa alimentación o que provoca que non fabriquen mel, ao tempo a tardanza e eliminar os niños que a veciñanza lle comunica ao 012, fai que os propios concellos teñamos múltiples reclamacións, cando esta era

unha competencia impropia dende o principio, que ademais agora foi derivada pola propia Xunta de Galiza a SEAGA, máis non semella que estea cumprindo coa dilixencia debida. Co cal seguramente para o vindeiro ano teremos máis raíñas e por isto máis velutinas, atacando ás abellas e provocando molestias e riscos á veciñanza. Rogámoslle á Deputación que lle traslade á Xunta de Galiza a necesidade de elaborar un plan de choque contra a praga da velutina, que permita combater a poboación desta avespa durante todo o ano e non só mediante a eliminación de niños na época estival. Ao tempo que esta eliminación de niños no verán se debe efectuar dun xeito máis dilixente.

O Sr. presidente toma nota e trasladará o dito rogo. Estamos ante unha praga que cada ano se multiplica máis e é moi difícil de parar. Á parte da retirada dos niños estanse a facer trampeos en primavera. Lembra que o GES de Pereiro retirou máis de 200 niños no seu ámbito de actuación. Informa de que está separada a retirada de emerxencia (casas, colexios ...) e os que retiran a través da chamada ao 012. Está de acordo con que hai un problema económico.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 18º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 18º](#)

O Sr. presidente deséxalle unha pronta recuperación ao deputado ausente na sesión don José Ignacio Gómez Pérez e para finalizar a Corporación garda un minuto de silencio polo falecemento do que fora deputado provincial don Miguel A. Cid Álvarez.

PEGADA DIXITAL VÍDEO

Url

<https://depourense.seneca.tv:443/s/Y0AAhB10eI1xyP6nBkHVGDvWxiThAu36ECdkgK8S5rUvryYn.wmv>

SHA512 - 8c8c5e2d187f72c912b4773fab04b6f80b68fc7b52fd61c809d0164f3c34df2621f9bf915c56516a23c02822ff8c7375f1bc7ac1da5d76f5b3a0e245d12f8af1

E, ás 15.50 horas dáse por finalizada a reunión, redactándose esta acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.

